ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO F.C. Nº 15000077

VIÑO. Unha adega da Rioxa acapara o 21% das axudas para plantar viñedo en Galiza ▸ 13

LEITE. A crise de Lactalis e o estancamento do valor do leite fan temer unha crise de prezos ▸ 8

O regulamento Ómnibus da PAC penaliza o esparexemento de xurros

O sector lácteo terá que pagar pola contaminación dos fertilizantes químicos e do porcino intensivo ▸ 3



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIV - Nº 318 - Inverno 2018

MAREA CÍVICA CONTRA A MINA DE COBRE EN TOURO E O PINO



O pasado 25 de febreiro, unha multitudinaria manifestación secundada por máis de 2.000 persoas e medio cento de tractores tivo lugar en Touro para expresar un rexeitamento rotundo aos proxectos mineiros de extracción de cobre neste concello e no veciño de O Pino. O Sindicato Labrego Galego apoiou activamente estas protestas, convocadas pola Plataforma Mina Touro O Pino NON, e denunciou que a minaría pode destruír o medio de vida de 200 granxas cunha cabana de máis de 5.000 reses. ▸ 19



LEITE. O SLG celebrou o Congreso do Leite ▸ 4 a 7

PAC. Analizamos os cambios no regulamento da Política Agraria Común que só serven para que nada cambie no reparto dos fondos ▸ 26 e 27

HORTA Tras un annus horribilis de lumes e seca, a agricultura resiliente é a alternativa para producir alimentos fronte ao cambio climático ▸ 11

sindicato labrego galego
comisións labregas

Folga feminista e Encontro Anual de Mulleres do SLG

O mes de marzo vén cunha apretada axenda para as labregas do SLG: manifestación en Vigo o 4, folga feminista o día 8, e Encontro Anual da Secretaría das Mulleres o 17 e 18 en Trives (Ourense). ▸ 29



EDITORIAL

A única garantía dunha alimentación san é termos moitas labregas e labregos producindo

As condicións dun cebadeiro de El Pozo no programa de Jordi Évole produciron estas semanas unha gran tormenta mediática. As consumidoras e consumidores escoitaron con espanto como na granxa que abastece esta gran industria cárnica os controis son case inexistentes, mentres a cámara ensinaba as imaxes de centos de porcos que se amoreaban nun espazo reducido e grupos de animais enfermos con todo tipo de deformidades.

O certo é que, dende hai tempo, o máximo obxectivo das políticas neoliberais é apoiar as grandes producións, no menor tempo posible e pagando prezos por debaixo dos custos de produción mínimos cun modelo axeitado, nun camiño no que se van pechando centos de granxas familiares pequenas e medianas. Só en Castela A Mancha acaban de aprobar proxectos para cebar 600.000 porcos a maiores dos que xa producen na actualidade ou, á vez que se fala de sobreprodución de leite a escala europea, estase a promover con diñeiro público a construción dunha macrogranxa con 20.000 vacas en Soria.

A produción industrial de alimentos ten moitos e graves problemas, e hai que dicilo con claridade. As labregas e labregos sabemos e podemos producir alimentos coa máxima calidade e garantías, pero as políticas actuais estannos a afogar. Hai que sinalar que a diferencia do que se nos paga en orixe ás persoas produtoras por un alimento e o prezo ao que chega ás persoas consumidoras supera en moitas ocasións o 400 por cento, e dende o Ministerio amósanse máis preocupados por defender o indefendible que en asegurar unha renda axeitada para que as labregas e labregos podamos seguir producindo unha boa alimentación. Precisamos prezos dignos e que a sociedade se implique para rexeitar estes grandes proxectos, que só están a servir para expulsar á xente agricultora e gandeira, para enriquecer a uns poucos a costa do abandono do medio rural e de comprometer a saúde da poboación.

“As labregas e labregos sabemos e podemos producir alimentos coa máxima callidade e garantías, pero as políticas actuais estannos a afogar”

A concentración de centos de animais en pequenos espazos fai que o perigo de contaxio de enfermidades se multiplique, polo que o uso de antibióticos e outros produtos químicos como os desinfectantes é moito maior, indo parar unha parte despois á auga, ao medio ambiente e á cadea alimentaria. O xurro e o esterco xerado pasa de ser un fertilizante empregado nos cultivos da propia granxa para converterse nun auténtico problema ambiental. Crean o problema e logo pretenden que se solucione creando cargas para quen non ten culpa ningunha, e diso sabemos bastante as galegas e galegos ultimamente. O Ministerio asegura que se dispararon as emisións de amoníaco polo aumento de cebadeiros de porcino, pero pretende que a redución das emisións se faga pola vía de esixirnos ás pequenas e medianas granxas de bovino, ovino... uns equipos de aplicación moi caros e inservibles na maioría dos casos.

A maioría da produción industrial de porcos, e cada vez de máis animais, forma parte de estruturas de integración. As produtoras e produtores estamos nunhas condicións moito peores que unha persoa asalariada normal, posto que asumimos todos os investimentos, o modo de produción e cuestións tan fundamentais como custos e prezos véñennos totalmente determinados, e non contamos cunhas garantías mínimas que aseguren unha remu- neración digna, nin unha produción sostible a nivel ambiental ou para xerar uns alimentos de calidade. Canto máis avanza o modelo industrial e integrador máis retrocedemos as labregas e labregas.



Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

COLABORACIÓNS
Isabel Vilalba Seivane, Rebeca Raso, Conchi Mogo, Henrique Outes, Andrés Castro, Diego Sánchez Agra e Belén Fervenza.

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

PECHE DE EDICIÓN 23-02-2018

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Avenida de Santiago 17, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

PAC ▸ O Ministerio de Agricultura dá ás comunidades a posibilidade prorrogar un ano para adaptarse á obriga de enterrar mecanicamente purines no canto de esparexelos

Decreto de xurros: o sector lácteo paga a contaminación do porcino intensivo

Cataluña e Aragón son as comunidades que máis contaminan, pero veranse máis afectadas as granxas da Cornixa Cantábrica



Os inxectores mecánicos de xurro non servirían para os solos predominantes na Galiza, xa que non son aptos para terreos con pendente ou con moita pedra

Unha das obrigas medioambientais que entraron en vigor co novo Regulamento Ómnibus da PAC foi a que prohibe esparexer os xurros con sistemas de prato ou abano. Esta norma afecta de cheo ao sector lácteo, cuxa principal ferramenta para abonar as praderías é, precisamente, o esparexemento de xurros dende cisternas.

En verdade, o Estado Español superou, en 2015, o límite de emisións de amoníaco establecidas polas directivas comunitarias nun 34%. Tamén é certo que o meirande destas emisións veñen da gandería. Mais, se analizamos a orixe desta contaminación, esta norma vai facer que paguen xustos por pecadores, xa que as principais causantes das emisións contaminantes son as granxas intensivas de porcino concentradas, fundamentalmente, en Cataluña e Aragón, zona do Estado onde máis emisións de amoníaco hai. Téñase en conta que España é a primeira da UE en produción de porcino, e a cuarta a escala mundial.

En canto á emisión de gases con efecto invernadoiro, as comunidades onde máis se contamina son as dúas Castelas, Estremadura e Cataluña. Pero as emisións de gases de efecto invernadoiro atribuíbles a actividades agrogandeiras só representan o 10% no conxunto da Unión Europea, moi por baixo das emisións por actividades industriais ou transporte.

A clave estaría nas emisións de amoníaco, xa que na UE o 93% (en España, o 96%) son imputables ás actividades agrarias (o 80% aos xurros e o 20% aos fertilizantes minerais). Porén, como xa vimos, o norte da Península Ibérica non é unha zona de alta concentración de emisións de amoníaco: ten unha media entre 20 e 40 kg por hectárea, fronte aos 40-100 kg por hectárea de Cataluña.

A pesares disto, a Unión Europa vai obrigar a toda granxa leiteira na que se fertilice con xurros a mercar nova maquinaria para enterrar o abono en vez de esparexelo, cun alto custe para as granxas e do resto da Cornixa Cantábrica (o inxector de xurro supera os 10.000 € e precisa dun tractor de 100 CV), que non son as principais responsábeis deste tipo de emisións. O máis absurdo desta normativa é que os xurros pódense enterrar esparexéndoos e pasando despois a grade de discos, conseguindo os mesmos resultados que cun inxector en canto a control das emisións contaminantes.

Polo de agora, o Ministerio de Agricultura deu un ano de prórroga para adaptarse ao decreto -período de adaptación ao que se poden acoller cada comunidade voluntariamente- e anunciou axudas para custear a súa aplicación

O SLG insta a Medio Rural a facer fronte común para anular un decreto inxusto

Mentres a nosa conselleira de Medio Rural dedicaba os seus esforzos a campañas publicitarias e propagandísticas, nas comunidades veciñas facían os deberes. Sen ir máis lonxe, o 2 de febreiro na veciña Asturias publicábase o decreto que exime da obriga de enterrar os xurros a máis do 90% do territorio do Principado. Poucos días despois, Euskadi conseguía eximir o 100% dos seus pastos permanentes.

Na Galiza, ao peche deste Fouce, os nosos gandeiros e as nosas gandeiras seguían sen saber que pasará con esta cuestión crucial da que depende o futuro das nosas granxas. Cómpre saber que o decreto dos xurros non ten razón de ser pois, como xa vimos, as principais causantes da contaminación por amoníaco son as granxas intensivas de porcino (17'5%) e os abonos de síntese (o 20%). Pola contra, o sector do vacún só é responsable do 4'4% destas emisións, o que fai que a Cornixa Cantábrica, incluída Galiza, sexa unha das zonas menos contaminadas do Estado.

✔ A ministra de Agricultura foi directiva do máximo produtor de amoniaco de España

Non queremos ser mal pensad@s, pero o feito de que a actual ministra de Agricultura, Isabel García Tejerina, teña sido directiva de Fertiberia -"*empresa líder en el sector de los fertilizantes en la Unión Europea y uno de los principales operadores mundiales en el mercado del amoniaco*"-, non nos dá ningunha confianza.

Dado que enterrar os xurros pode implicar un altísimo custe para o sector -inxectores mecánicos, tractores con máis potencia- e non vai resolver un problema do que as nosas granxas lácteas non son as causantes; e dado que ese decreto permite exencións como a de Asturias só en 2018, pero despois será de obrigado cumprimento; preguntámonos se a conselleira de Medio Rural ten intención de facer fronte común cos seus colegas da Cornixa para frear este despropósito que ameaza con socavar aínda máis a castigada economía das nosas granxas.





Dúas imaxes do Congreso do Leite celebrado en Ordes: á esquerda, intervención da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, xunto á responsábel do Sector Lácteo, Lupe Prado; á dereita, mesa congresual formada por Marisol García Freire e Xosé Manuel Calvo Rei, ambas da Dirección Nacional do SLG, e o avogado Ramón Barreiro Carnota

CONGRESO DO LEITE ▸ Tivo lugar na vila gandeira de Ordes (A Coruña) o pasado 15 de decembro e nel volveu saír reelixida como responsábel do sector a vilalbesa Lupe Prado

O SLG celebra o seu primeiro Congreso do Leite trala supresión das cotas lácteas

Queda pendente para o ano 2018 a elección de catro persoas para facer de representantes provinciais e apoiar á nova coordinadora

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o 15 de decembro, o seu Congreso do Leite en Ordes (A Coruña), no que a gandeira vilalbesa Lupe Prado foi reelixida responsábel do sector. A Dirección do Leite do SLG saínte deste congreso, cuxos membros foron elixidos en asembleas comarcais que se celebraron a finais de 2017 por toda a xeografía galega, terá entre as primeiras tarefas da súa axenda nomear catro representantes provinciais que apoiarán a Lupe Prado no día a día das súas responsabilidades sindicais.

Un dos temas centrais que ocupou as intervencións deste Congreso do Leite foi o dos baixos prezos, problemática enquistada no sector dende vello e que, nos últimos tempos, coa fin do sistema de cotas, viuse agravado. Neste senso, o SLG segue a defender a necesidade de que haxa un prezo base negociado polos axentes do sector e que, a partir de aí, se vaian sumando ou restando en base a calidades. E todo iso, plasmado nun contrato de obrigado cumprimento. Pero sempre, en primeiro lugar, un prezo xusto negociado; só despois, o contrato.

Lonxe disto, actualmente é a industria a que impón de maneira unilateral os prezos, fai e desfai criterios de calidade para manipular eses valores ao seu antollo e obriga a asinar os contratos que previamente redacta sen o concurso da parte produtora.

Diante disto, o Congreso do Leite do SLG ratificouse no compromiso de "*seguir defendendo e reivindicando que exista un prezo de partida negociado para un leite tipo tamén acordado por ambas partes, que cubra os custos de produción e, a partir del, que se apliquen as primas que cada comprador estipule e que o produtor ou produtora acepte*".

Outro dos eixes reivindicativos que se desprende do relatorio é a regulación de mercados, moi necesaria dende a fin do sistema de cotas e diante dunha tendencia a concentrar a produción cada vez en menos mans, o que implica a destrución progresiva do emprego e do tecido social vinculados á produción leiteira: "*Deberemos garantir un nivel de renda mínimo para todas as persoas traballadoras da explotación, e para isto faise necesaria a regulación do mercado. En caso contrario, a concentración da produción en moi poucas explotacións será inevitable, co conseguinte peche das poucas que nos quedan*".

A axenda ocupada con temas como a fauna salvaxe, a terra ou a xente moza

Outro dos cabalos de batalla de cara a facer rendible a produción leiteira ten que ver cos custes de produción. Neste senso, debatéronse numerosas variábeis que inflúen neses custes e que dependen das políticas adoptadas pola administración. A dificultade para acceder a unha base territorial suficiente, os ataques continuados da fauna salvaxe, impostos excesivos ou sacrificios innecesarios no marco de campañas de saneamento gandeiro, son factores que lastran as marxes de beneficio das nosas granxas e que dependen en grande medida das decisións políticas do Goberno do Estado, da Xunta ou dos concellos.

Do Congreso do Leite do Sindicato Labrego Galego xurdiron outras demandas como a necesidade de implementar un "*plan de incorporación de mozas e mozos que poida garantir que todas as explotacións poidan seguir sendo viábeis no futuro*", potenciar alternativas comerciais como a venda directa ou incidir para que os grandes grupos cooperativos que están a xurdir na Galiza sigan a ser unha ferramenta útil para as granxas.

SEGUE ▸

Un terzo das granxas galegas pecharon no último período congresual dende 2011



Na súa intervención inaugural, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, fixo memoria do acontecido no sector lácteo dende o último Congreso do Leite, e os datos foron desoladores: das 13.000 granxas en activo que traballaban na Galiza en marzo de 2011 até hoxe pecharon 4.600 explotacións leiteiras, é dicir, un terzo das que había daquela. Polo camiño, desapareceu o sistema de cotas e vivíronse algunhas das peores crises de prezos que se recordan. Así e todo, Galiza segue a ter o 55% das granxas leiteiras de España e producr o 37% do leite, seguindo entre as dez principais rexións produtoras de Europa.

E, precisamente, facendo a comparación coas primeiras rexións no ránking, Vilalba analizou as diferenzas que levaron a que Irlanda, Bretaña ou Lombardía sexan produtoras punteiras inmunes ás crises. E a diferenza é política, xa que nestas rexións os gobernos apostan fortemente polo sector, como en Irlanda, onde a xestión do territorio facilita que as granxas teñan suficiente base territorial para producir en base a pasteiros e forraxes propias; ou Lombardía, onde se desenvolveu unha forte industria transformadora para dar valor engadido ao leite e mellorar os prezos.

Pola contra, ¿que foi o que se fixo na Galiza e no Estado diante da crise? Só medidas que favorecen ás grandes industrias e manteñen a indefensión das granxas. A Consellaría de Medio Rural prometeu 155 millóns para o sector lácteo, pero ¿quen vai recibir eses cartos? Quen se vai beneficiar se os prezos van seguir baixos? Os de sempre, as grandes industrias.

Un bo exemplo de a quen benefician as políticas na Galiza e en España son os contratos: o prezo impono a industria, sen negociación, e establecen os parámetros de calidade ao seu antollo para manipular os prezos segundo a súa conveniencia.

Agora, nin sequera se pode debater ou chegar a acordos en foros como a Mesa do Leite, que foron desmantelados. As negociacións marcharon a Madrid, á Interprofesional Láctea, onde se pode falar de todo menos de prezos; e as Organizacións de Produtores (OPLs) foron un rotundo fracaso, xa que dende que se crearon en 2012, non deron negociado nada coas industrias en cinco anos. Iso si, levaron unha manchea de millóns en subvecións por non facer nada.

A situación hoxe en día é que, co diferencial que hai entre o prezo medio do leite na Galiza e o da UE, as nosas granxas perderon case 10 millóns de euros ao mes no último cuatrimestre do ano, e que os gandeiros e as gandeiras carecen de leis ou ferramentas que os amparen diante dos abusos das industrias.

✔ "*A culpa é dos que gobernan: non lles interesamos*"

Diante do negro panorama exposto por Isabel Vilalba, a responsábel do sector, Lupe Prado falou en clave positiva, xa que "*a situación que vivimos no sector lácteo non é culpa nosa; podemos facer as cousas mellor ou peor nas nosas granxas, pero esforzámonos moito nos últimos anos por mellorar. A culpa da situación é daqueles que nos gobernan porque non lles interesamos*".




O Congreso do Leite do SLG deu lugar a numerosas intervencións e debates

Diante disto, Lupe Prado animou a seguir loitando, sobre todo naquelas frontes nas que si se poden acadar avances en positivo para o día a día das persoas que traballan no sector. "*É certo que non demos mudado as cousas, pero si que hai loitas nas que temos moito que dicir*".

Os baixos prezos non son a única

LUPE PRADO ▸ Santaballa (Vilalba)

Prezos e políticas



Lupe Prado é unha vella coñecida no SLG, xa que leva unha década como responsábel do sector lácteo dende que foi elixida, por primeira vez, no Congreso do Leite celebrado o 17 de marzo de 2007. Agora, o 15 de decembro de 2017, a afiliación do leite do SLG renovou a súa confianza en Lupe por terceira vez.

Pouco antes de ter esta responsabilidade no SLG, hai 11 anos, Lupe e o seu compañeiro constituían unha SAT xunto a outra parella, para mellorar as súas condicións laborais e disfrutar de máis tempo libre. Dende aquela, o sector viviu moitos altibaixos na Galiza dos que Lupe foi testemuña como responsábel do leite no SLG e, sobre todo, como gandeira.

"*Galiza está entre as dez principais rexións de Europa en produción de leite e somos a comunidade que máis produce en España*", explica Lupe, "*e, aínda así, seguimos padecendo un nivel de prezos dos máis baixos de Europa e os máis baixos do Estado. Nos últimos meses, o prezo medio en Europa andaba nos 37 céntimos cando nós non alcanzabamos nin os 30. Pero o peor é que eu teño falado con gandeiros que están cobrando o leite a 22 e 24 céntimos. Esa é unha realidade*".

As solucións deberían vir dos gobernos, pero "*non hai implicación política para resolver este problema*", quéixase Prado. "*A conselleira di que aposta por un medio rural vivo, pero eu creo que a aposta da Xunta é que o rural desapareza porque, senón, non entendo como pode acontecer isto. De feito, as ferramentas que puxeron en marcha as nosas políticas non serven para nada*". Unha desas ferramentas, o contrato, "*De que nos serve se existe unha desigualdade tan grande entre as partes que o asinan, industria e granxas? De que nos serve se non nos garante un prezo mínimo digno?*", pregúntase a gandeira vilalbesa.

En efecto, hoxe en día nin sequera nos podemos sentar para negociar un prezo mínimo porque "*os nosos políticos desmantelaron o único foro de negociación onde os axentes do sector -organizacións agrarias, industrias, distribuidoras e a propia administración- podiamos debater sobre prezos: a Mesa do Leite. No seu lugar, puxeron unhas OPLs que, como xa vimos nos últimos anos, non chegaron ao sector e non sabemos se funcionan ou que fan*".

Fronte a isto, dende o Sindicato Labrego Galego seguimos firmes na defensa das nosas demandas básicas para que "*a produción de leite sexa viable*". E esas demandas, ademais de poder negociar un prezo mínimo en pé de igualdade, inclúen "*un control sobre a produción baseado no respecto ás persoas e granxas que vivimos desta actividade actualmente e seguimos en activo. E tamén, moi necesario, vincular esa produción á terra, a unha base territorial suficiente para facer rendible a actividade, algo que non temos na Galiza porque carecemos dunha ordenación do territorio*".

MERCEDES FERREIRO ▸ Lourixe, Nete (Vilalba)

Fauna salvaxe



Mercedes Ferreiro é gandeira na aldea de Lourixe (San Cosme de Nete, Vilalba) e, dende vello, mantén a súa particular loita co xabaril. En concreto, dende hai oito anos, cando o porco bravo lle comezou a estragar as leiras de millo. "*Eu era a única que botaba millo na zona, polo que os porcos bravos que había por aquí cebábanse nas miñas leiras. Por ese motivo tiven que desistir de seguir plantando e agora merco millo mudo* (fariña) *para poder alimentar o gando. Polo que a min respecta, non volvín sementar máis*".

Por parte da Xunta, ningunha solución. "*Teño denunciado en varias ocasións*", explica, pero "*as indemnizacións eran ridículas en relación coas perdas sufridas*". A única solución que lle ofreceron foi a de falar co Tecor (coto de caza) para organizar batidas. Pero "*as batidas autorizábanas a partir de agosto e, decotío, cando se facían por fin, eu xa tiña todo o millo estragado. Mesmo había ocasións en que semellaba que o millo estaba ben dende fóra, pero entrabas no plantío e, en realidade, estaba todo desfeito*".

A pesares de abandonar o cultivo de millo, os problemas seguen a persistir hoxe en día, xa que os xabarís lle fozan os prados, de maneira que nesas fincas "xa *nin penso en sementar porque sei que as van levantar e vou perder de ensilar herba porque sae moi alta en cinzas*".

Agora, máis alá de convivir coas perdas que lle provoca o xabaril en cada campaña, Mercedes Ferreiro teme que a cousa vaia a peor porque "*hai cazadores que viron pegadas de lobo pola zona. Nós temos parte do gando que entra e sae libremente das cortes, polo que se agora aparece o lobo, apaga e vámonos*".

preocupación no sector lácteo


ADRIÁN LAGE ▸ Portogaín, Mántaras (Irixoa)

Mocidade

Adrián é un mozo gandeiro que, dos seus 33 anos, leva catorce traballando na granxa familiar xunto coa súa nai, coa que fixo unha sociedade civil. Levar toda a vida no seu Portogaín natal permitiulle ir vendo como, pouco a pouco, a parroquia envellecía e se despoboaba. "*Eu son o gandeiro máis novo da zona, e iso supón un problema moi grave xa a medio prazo, porque non hai relevo xeracional. A xente nova foise marchando. Quedan só os que teñen o posto de traballo preto. Pero a maioría tivo que emigrar*".

Adrián sabe do que fala porque boa parte dos amigos cos que se criou, e mesmo o seu irmán, tiveron que emigrar para buscar un medio de vida fóra. Este irse quedando cada vez máis só "*aféctanos moito á xente nova porque non podes manter unha relación ou contacto de amizade con moita xente da túa xeración coa que medraches*".

Esa falta de relevo e o despoboamento de boa parte do noso territorio debería ser un problema prioritario na axenda política, pero "*as administracións non se preocupan por nós. Moita propaganda coas subvencións, pero estamos abandonados*". Para Adrián "*nin a Consellaría de Medio Rural nin a Xunta teñen un plan para que a xente nova quede no campo, para que haxa relevo nas granxas familiares ou para que inicien explotacións agrarias dende cero. Respecto disto último, vexo moi difícil que calquera dea iniciado unha explotación dende cero. Só coñezo casos nos que se arrenda unha granxa que xa estaba en funcionamento de gandeiros e gandeiras xubiladas, pero non coñezo ningún caso dalguén que tentase montar unha granxa de leite dende cero. Creo que non sería viable ou, cando menos, moi difícil*".



E non será porque non se poidan emprender iniciativas políticas. "*Debería haber un plan integral e transversal para todo o rural que, ademais de apoiar a agricultura e a gandería, investise en servizos esenciais como garderías, comunicacións ou as oficinas agrarias comarcais*". Pero coa actual Xunta e Medio Rural, tanto Adrián como o resto de mozos e mozas da súa xeración, terán que agardar tempos mellores.

EDUARDO QUINTÁS ▸ Arinteiro, Loxo (Touro)


Minaría

Eduardo Quintás é un mozo da aldea de Arinteiro, na parroquia de Loxo (Touro) que, hai catro anos, se puxo á fronte da granxa familiar que até ese intre rexentaron seu pai e súa nai. Tería toda a vida por diante para traballar como gandeiro na súa granxa mixta de leite e carne se non fose porque multinacionais e fondos de investimento estranxeiros botáronlle o ollo aos xacementos de cobre que hai na zona. (Ver entrevista na contraportada do Fouce 317).

O certo é que nesta parroquia levan anos convivindo coa minaría, xa que Riotinto extraeu cobre de aquí entre 1972 e 1986. Curiosamente, ao cesar a actividade mineira, a parroquia apostou fortemente pola actividade gandeira, evoluíndo dende a gandería de subsistencia de antano. "*Moitas familias investiron nos anos oitenta na construción de naves para poñer en marcha granxas especializadas en leite*".

Agora, esa riqueza gandeira traballada durante décadas está ameazada. "*O actual proxecto colle territorio de Touro e O Pino*", explica Eduardo. "*En total, unhas 700 hectáreas. Segundo o proxecto, trátase de pastizais, pero son terras arables. Deixaríannos sen terra, e tamén sen as fontes de auga, regos e mananciais que fornecen os fogares e as granxas. Mesmo afectaría aos mananciais dos que tiran a auga da traída municipal de Touro. Isto sería a ruína total. En Arinteiro, mesmo as casas perderían o seu valor ao quedar encaixonadas entre balsas de lodos tóxicos e augas acedas*".

As estimacións de Eduardo apuntan a que se perderían ao redor de 150 postos de traballo permanentes relacionados coa gandería na zona, fronte aos empregos temporais da minaría.



No seu caso concreto, Eduardo ten unha finca de 3 hectáreas de terras arables que forma parte da base territorial da que se alimenta o seu gando e que no proxecto está contemplada como zona para construír un taller mecánico, un aparcadoiro e o edificio de oficinas. O regato que pasa a carón desta finca desviaríase para lavar o cobre, secando o rego Pucheiras. "*A maiores desta finca, tamén teño afectadas polo proxecto outras 3 hectáreas de terras. A min deixaríanme sen base terrritorial para alimentar o meu gando. Sería a ruína non só para a gandería, senón para todos os negocios que dependen dela nos arredores*", sentencia Eduardo.

LEITE ▸ O diferencial de ingresos das nosas ganderías se tivesen cobrado valores máis acordes á media europea indica que perdemos case noventa millóns de euros nun ano

O leite galego remata 2017 cos peores prezos de Europa e 463 granxas menos

Mentres que a media en Europa foi de case 39 céntimos por litro en decembro, na Galiza acabamos o ano en 32



A crise de Lactalis polo escándalo da salmonella podería repercutir no prezo do leite galego, xa que esta industria recolle o 20'2% da nosa produción leiteira

Cos últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) podemos trazar un resume desalentador do que supuxo o ano 2017 para o sector lácteo galego: Comezamos o ano con 8.477 granxas e rematámolo con 8.014, polo que perdemos 463. É moi posible que, cando teñas este Fouce nas mans, na Galiza haxa menos de 8.000 granxas de leite.

En canto aos prezos, en Galiza segue a pagarse o leite cos valores máis baixos do Estado e da Unión Europea. Comezamos o ano con 30 céntimos e rematámolo con 32. Trátase dunha suba insignificante se a vemos no contexto da Unión Europea e do resto do Estado, onde o prezo do leite, debido á escaseza de manteiga, disparouse, especialmente no último cuadrimestre. E a mellor mostra disto é que o prezo medio da Unión Europea pasou dos 33'5 céntimos de xaneiro a 37'8 en decembro. Sen saír do Estado, a veciña Asturias rematou o ano cun valor medio de 35'4 céntimos.

E para ilustrar a enorme desigualdade en como se paga o leite aquí e máis alá de Pedrafita e o Padornelo, fixemos unha comparativa entre canto terían ingresado as nosas granxas co prezo medio europeo e canto ingresaron realmente. Para iso, calculamos mes a mes a produción leiteira e multiplicámola polo valor medio mensual. O diferencial que obtivemos alcanzou os 88.656.110 euros. É dicir, as nosas granxas deixaron de ingresar en 2017 case 90 millóns de euros por non cobrar un prezo acorde á media europea (ver táboa da seguinte páxina).

Os indicadores apuntan unha nova caída nos prezos

Nas conversas entre transportistas e os gandeiros e gandeiras que producen leite na Galiza, xa se está a estender o rumor de que nesta primavera volverán caer os prezos do leite.

Máis alá das conversas no sector produtor, esta caída de prezos xa está prevista pola propia Comisión Europea. E é que a produción de leite na UE aumentou estimulada polo incremento de prezos a causa da forte demanda de manteiga ao longo de 2017.

No mes de febreiro, o comisario de Agricultura, Phil Hogan, expresou a súa preocupación polo forte aumento da produción láctea na UE nos últimos meses, especialmente en Franza e Alemaña, o que supón un risco de exceso de produción cando aínda hai 380.000 toneladas de leite en po almacenadas dende a última crise. O aumento de produción de leite na UE dende xaneiro de 2017 "*simplemente non é sostible no mercado actual*", declarou Hogan.

Indo aos datos, a produción aumentou animada polos bos prezos. Entre xaneiro e setembro de 2017: Irlanda (9'1%), Polonia (4'7%), Reino Unido (3'9%) e Italia (3'5%). Agora, aumentaron tamén Franza e Alemaña. Só en novembro de 2017 as entregas de leite na UE medraron un 6%, e o incremento de 2017 con respecto a 2016 podería ser do 1'6% (2'4 millóns de toneladas). Isto é demasiado, xa que a Comisión tiña previsto que o incremento produtivo fose de 1 millón de toneladas por campaña.

O problema á hora de encaixar un escenario de prezos á baixa é que, mentres na UE subiu o prezo medio do leite até case 38 céntimos por litro en decembro, na Galiza só chegamos a 32. De aí que as nosas granxas se atopen nunha situación de extrema vulnerabilidade nun contexto de sobreprodución e baixadas de prezos como o que se aveciña. Así as cousas, países como Franza, Alemaña, Austria, Holanda ou Bélxica teñen certa marxe para encaixar baixadas; ao tempo que calquera caída no sector lácteo galego, co nivel de prezos que temos, resultará dramática e provocará unha forte crise.

Crise millonaria en Lactalis

Outro factor a ter en conta é que unha das principais compradoras de leite na Galiza, a multinacional francesa Lactalis, enfróntase a unhas perdas millonarias polo escándalo dos preparados lácteos contaminados con salmonela. Esta industria enfróntase a demandas e grandes indemnizacións.

Polo de agora, tivo que cesar a súa actividade na fábrica de Craon (Loira) e pechar a torre de secado onde se localizou a salmonela. Un dos directivos de Lactalis, Emmanuel Besnier, recoñeceu que esta crise suporá para Lactalis "*varios centos de millóns de euros e a suspensión das exportacións durante un período que non se pode precisar*". O problema desta crise na multinacional francesa é que todos e todas sabemos ben como cadran o balance de contas as industrias: se aumentan os custes, elas baixan o prezo en orixe para aumentar as súas marxes de beneficio e compensar as perdas. Cómpre non esquecer que Lactalis recolle o 20'2% da produción leiteira galega: 525.000 toneladas por mes.

Búscase Consellaría de Medio Rural que defenda o sector lácteo galego

Este panorama tan preocupante contrasta coa visión triunfalista da conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, que non deixa de falar do ben que está o sector lácteo na Galiza alí onde vai, ao tempo que non move un dedo para tratar de reconducir a anomalía de que a Galiza non se beneficie da suba de prezos que se veu producindo en toda Europa ao longo de 2017.

Respecto disto, na última xuntanza da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego, celebrada en Arzúa o pasado 2 de febreiro, advertíuselle á conselleira que en marzo asinaranse os novos contratos no sector. Nun comunicado, a Dirección do Leite do SLG pedíulle a Ángeles Vázquez que "*para daquela, xa teña feito o traballo e xestións necesarias para que, na Galiza tamén, se revisen á alza os novos prezos que impoña a industria de acordo cuns valores máis acordes aos que cotiza o leite no resto da Unión Europea*".

DIFERENCIAL DE INGRESOS PARA O SECTOR LÁCTEO GALEGO CON PREZOS UE

Xaneiro: 5.578.119 €
Febreiro: 4.992.870 €
Marzo: 5.501.103 €
Abril: 5.796.659 €
Maio: 5.952.387 €
Xuño: 5.922.722 €
Xullo: 7.514.329 €
Agosto: 8.709.630 €
Setembro: 9.502.721 €
Outubro: 9.891.848 €
Novembro: 9.587.597 €
Decembro: 9.706.125 €

TOTAL: 88.656.110

Cálculos feitos en base a datos do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e do EU Milk Market Observatory (MMO)



PATACA ▸ O valor medio no período que foi de setembro a decembro mantívose en 9 céntimos por quilo, con marxes superiores ao 700%

A boa colleita de pataca afunde os prezos por debaixo dos 10 céntimos

Nalgunhas das principais zonas produtoras do Estado, como Burgos ou León, chegaron a vender o quilo a 3 céntimos

Unha campaña máis, a pataca volveu cotizar decotío a valores por baixo dos custes de produción. Estamos a falar de valores moi volátiles, pero a media que rexistrou o Índice de Prezos Orixe Destino (IPOD) que elabora a COAG cada mes é ben claro: o prezo medio de setembro a decembro de 2017 estivo nos 9 céntimos, mentres que os consumidores e consumidoras tiveron que pagar prezos superiores aos 70 céntimos por quilo en tendas e supermercados. Iso implica unhas marxes de beneficio para os intermediarios que superaron o 700%.

Coma sempre, os prezos medios obtéñense de valores que van moi por riba ou por baixo deles, sobre todo nun produto de cotización tan variable como a pataca. "*Os prezos dependen moito das variedades e calidades*", explica o coordinador do SLG na comarca da Limia, Anxo Pérez Rúa. "*Por exemplo, a pataca roxa, que ten moi pouca demanda, pagouse entre 3 e 6 céntimos o quilo, supoñendo que cha mercasen, que moitas veces xa non cha collen. No outro extremo, as patacas de pequenas producións recollidas a man superaron os 20 céntimos. Coas patacas de contrato pasa o de sempre: respéctanse os prezos pero, ao final, co proceso de destrío* (valoración da pataca por calidades)*, os almacenistas acaban impoñendo o prezo que lles convén*".

Os motivos deste novo afundimento de prezos na pataca témolos nunha boa colleita e nunha boa calidade en xeral que, nalgunhas zonas produtoras, fixo que houbese sobreprodución. Por exemplo, isto favoreceu que entrase moita pataca de Franza, afundindo os prezos no Estado. En provincias como Burgos ou León, pagouse o quilo a 3 céntimos, chegando moitas explotacións a deixar o tubérculo nas leiras para non incorrer en maiores gastos.

En canto ás principais zonas produtoras da Galiza, en Bergantiños aumentou a produción, polo que os prezos caeron dos 60-70 céntimos da campaña pasada aos 40-50 desta. Na Limia, se ben os rendementos non aumentaron, si que se incrementou a superficie de cultivo, o que fixo que se pasase dos 90 millóns de quilos da campaña pasada aos 110 da actual. Cos prezos así, hai moitas granxas que decidiron gardar as colleitas até que repunten os prezos para sacalas ao mercado.

TERRA ▸ A cifra dispárase a 127.000 na última década

Galiza perdeu un total de 34.000 hectáreas de terra agraria nos últimos tres anos

O Instituto Nacional de Estatística presentou, recentemente, datos sobre a estrutura das granxas que son moi preocupantes para Galiza. E é que, no período que vai do ano 2013 a 2016, a nosa terra perdeu 34.000 hectáreas de superficie agraria útil, o cal supón o 5% do total. Para que vexamos a gravidade deste problema, esa superficie representa a metade da terra agraria que se perdeu en toda España no mesmo período. Dende o ano 2007, no que Galiza contaba con 748.000 hectáras de terras agrarias, perdemos 127.000 (o 17%).

En total, o INE contabiliza 621.000 hectáreas agrarias na Galiza. Destas, 200.000 son de granxas leiteiras, que teñen unha media de 20 hectáreas cada unha, moi lonxe das 51 hectáreas base territorial media que teñen as explotacións lácteas na Unión Europea. De feito, boa parte da superficie agraria que se perdeu correspondía a pastos, que se reduciron na última década nun 22%.

O gran problema sen resolver por parte da Xunta é o de que as terras das granxas que abandonen a actividade sigan a ter vocación agraria, en troques de ficar abandonadas ou dedicarse a plantíos forestais.

A falta de base territorial das nosas granxas está a crear graves problemas como a falla de rendibilidade polo aumento de custes provocado por non ter suficientes forraxes propias -a media europea en gasto de concentrados é de 9 euros, mentres que no norte de España está entre 12 e 16 euros-; ou unha mingua considerable dunhas axudas da PAC que se conceden en base á superficie agraria.

FAUNA SALVAXE ▸ Denunciáronse casos nos que a persoa beneficiada tivo só unhas horas para xustificar o gasto trala notificación da axuda

A Xunta impón prazos inasumibles nas axudas para prever os ataques do lobo

O Sindicato Labrego criticou a reiteración deste tipo de prácticas que só buscan entorpecer o acceso ás subvencións


Os danos dos xabarís aos cultivos no ano 2017 non terán ningún tipo de axuda

Un ano máis, a Consellaría de Medio Ambiente resolveu as axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo dando uns prazos de xustificación tan escasos que moitas granxas se viron na obriga de renunciar aos cartos por serlles imposible realizar o gasto.

Dende o SLG tivemos constancia de que as primeiras resolucións comezaron a recibirse a partir do 30 de novembro, cando o prazo de xustificación remataba o 11 de decembro. Iso significou que as granxas que tiveron a sorte de recibir a resolución o 30 de novembro, dispuxeron de menos dunha semana para poder atopar, mercar, pagar, identificar e certificar o gasto subvencionado, xa que nese período de tempo houbo polo medio dúas fins de semana e dous días festivos a maiores.

Xustificacións laboriosas e complicadas

Cómpre lembrar que xustificar estas axudas implica ter que mercar un mastín, un pastor eléctrico ou un peche perimetral, cousa para a que se precisa tempo, sobre todo na primeira opción, xa que o can debe estar identificado e ter certificado veterinario. Para os outros casos, tes que ter a sorte de que haxa existencias suficientes no comercio onde fagas a compra para poder cubrir a túa demanda no prazo esixido.

Porén, non todo o mundo tivo a sorte de recibir a resolución cuns días de antelación. O xornal dixital Campo Galego fixo público o caso dunha gandeira que recibiu unha carta certificada, ás 10 da mañá do 26 de decembro, na que se lle comunicaba que tiña aprobada unha axuda de 1.400 euros para mercar dous pastores con placa solar e oito mallas electrificadas. "*O problema*", relata o xornal agrario, "*é que o prazo para xustificar a axuda remataba ese día, martes 26. Tendo en conta que os únicos rexistros públicos no rural, os das oficinas agrarias comarcais e os dos concellos, pechan ás 14:00 horas, a explotación tiña catro horas para xustificar o investimento*".

En 2017 non se convocaron as axudas para prevención de ataques do xabaril

Estes prazos imposibles impostos pola Consellaría de Medio Ambiente non son nada novo, pois tamén se deron noutras axudas como as que subvencionan investimentos non produtivos na Rede Natura. No que se refire á prevención de ataques da fauna salvaxe, o ano pasado enviaron tamén as resolucións con moi escasa marxe para cumprir cos gastos subvencionados. Dende o SLG sospeitamos que se trata dunha práctica consciente para aforrar cartos por parte dunha Consellaría extremadamente avara á hora de investir en solucionar a gravísima problemática da convivencia entre as actividades agrogandeiras e a fauna salvaxe.

En efecto, aos atrancos para poder optar a estas subvencións, únense feitos como a tardanza en cobrar indemnizacións cando sofres ataques -ao redor de dous anos-; unha escasa contía de cartos que non cobren nin de lonxe os danos sufridos en ningún caso; ou un monte de burocracia e requisitos que te deixan, decotío, sen o dereito a percibir esa axuda económica e que fai que moitas granxas, diante de ataques, non pasen xa o traballo de solicitar indemnizacións.

Nesta tónica de recortes permanentes no orzamento para tratar o problema da fauna salvaxe, a Consellaría de Medio Ambiente non convocou en 2017 as axudas para compensar os danos causados por xabarís nas explotacións agrarias.

HORTA ▸ O ano que se foi, o 2017, ofreceunos unha cara nunca antes vista, cara que probablemente acabará sendo coñecida, por frecuente, para todas nós nun futuro non moi afastado. Será lembrado, polo de agora, coma o ano da seca e os lumes forestais...

Resiliencia fronte ao cambio climático

por **Belén Fervenza,** labrega responsábel do Sector de Horta, Froita e Flor no SLG

En moitos lugares de Galicia tivemos que sortear situacións até o de agora inusuais. A falla de auga, xunto coas altas temperaturas, provocaron que a horta de inverno non puidese estar lista nas épocas que normalmente se fai, coas consecuencias que isto ten na economía e viabilidade dos nosos proxectos.

En xeral, todo o sector primario depende moitísimo das condicións climáticas, condicións que non podemos modificar para obter mellores resultados. A nosa supervivencia e día a día pasan pola capacidade de adaptación que os nosos cultivos teñen. A nosa capacidade de resposta non é inmediata polo que, moitas veces, a falla doutro tipo de políticas que apoien a este sector, está nas nosas mans, na das labregas, na nosa práctica de traballo e no manexo que da terra e dos cultivos fagamos.

En Galicia, maioritariamente predominan solos de compoñente areosa, incapaces de reter auga por si solos, condición que se trata de solucionar co aporte de materia orgánica á terra, o que fai que teñamos solos fértiles e aptos para a horta. Mais, en xeral, as nosas prácticas e o tipo de cultivos que empregamos son altamente dependentes da auga e, nalgúns casos, moi demandantes no uso deste recurso.

Co cambio climático pisándonos os talóns, debemos ser capaces de artellar respostas colectivas ás novas situacións que imos ter que afrontar: mellorar a capacidade de retención e almacenaxe de auga no solo, a perda de fertilidade, a erosión e



contaminación do solo, a contaminación da auga , a presión sobre o nivel freático (cada vez maior), a busca de variedades adaptadas ás novas condicións climáticas, a falla de cultura labrega e de manexo, etc.

Precisamos ampliar a nosa visión sobre o noso traballo, ser conscientes do tipo de prácticas que facemos cando poñemos o foco na produtividade e non na mellora da fertilidade, porque deste novo enfoque dependerá o futuro deste sector.

Debemos loitar co día a día de ter que sobrevivir nun modelo económico que non dá prioridade ao valor da terra e ao coidado dos seus recursos, nin ás persoas que así o fan.

As nosas prácticas deberían ir enfocadas cara ao novo escenario que se nos presenta. Temos que ser capaces de captar e fixar CO_2, de reter auga no solo e mellorar a resposta do mesmo fronte ao cambio climático, co noso facer. Hai un termo que resume este tipo de prácticas: resiliencia.

Aclarando conceptos e definicións

Hai varias definicións que resumen o concepto de resiliencia:

- Os solos posúen unha capacidade inherente para restaurar o seus sistemas de sustento da vida, sempre que a perturbación causada, especialmente polas actividades humanas, non sexa moi drástica e teñamos tempo suficiente para que os sistemas se recuperen. Esta capacidade intrínseca do solo para rexenerar a súa produtividade chámase "resiliencia".
- A capacidade dun ecosistema de aguantar choques externos e reorganizarse mentres muda, para poder reter esencialmente a mesma función, estrutura, identidade e mecanismos de retroalimentación.

Estas definicións, que poden parecer complexas de entender, queren explicar a capacidade que teñen os solos para rexenerarse e volver a unha situación de "produtividade"tras un cambio forte.

Mais nesa capacidade de volver ser o que era e de adaptación, nós somos unha peza fundamental, xa que o noso manexo da terra fará esta resposta mais rápida ou non.

Se dalgún xeito queremos seguir producindo alimentos para a nosa sociedade e mudar un modelo económico que dá prioridade a outros sectores fronte ao noso, e segue afondando nas causas do cambio climático, debemos aprender desta situación e poñer máis que nunca sobre a mesa os nosos argumentos.

Este mundo precisa máis que nunca de labregas na terra, do noso saber facer e das nosas prácticas respectuosas baseadas na observación e respecto polos ritmos e a vida.

A importancia de trasladar os nosos argumentos, facernos escoitar e dar a coñecer as nosas preocupacións, é fundamental para a vida neste planeta.

Porque nós somos os primeiros e as primeiras en ser conscientes dos cambios, en observalos por estar en contacto coa terra, e ninguén mellor que nós para entender o que se nos vén enriba...

APICULTURA ▸ A Plataforma STOP Velutina e a oposición presentaron iniciativas no Parlamento de Galicia para facer un plan de choque que foron rexeitadas polo PP

A Xunta seguirá coas mesmas medidas que xa fracasaron contra a velutina

A avespa asiática colonizou o 70% do noso territorio en tan só cinco anos a pesares do programa de control seguido por Medio Rural



Laura García Sáez (AGA) e Diego Sánchez Agra (SLG) representaron á Plataforma STOP Velutina para rexistrar a iniciativa

O 13 de decembro, a Plataforma STOP Velutina (PSV), da que forma parte o SLG, rexistrou unha iniciativa parlamentaria coa que se prentendía chamar a atención da Xunta sobre o avance imparable da avespa asiática -colonizou o 70% do noso territorio en cinco anos- e a necesidade de artellar un plan de choque diante da ineficacia das medidas actuais.

No acto de rexistro representaron á PSV Laura García Sáez e Diego Sánchez Agra, que estiveron acompañados por representantes dos grupos políticos da oposición no Parlamento de Galicia: Davide Rodríguez e Paula Quinteiro, por En Marea; Olaia Rodil, polo BNG; e José Manuel Pérez Seco, polo PSOE. Trala acción da PSV, estes grupos políticos presentaron cadansúa iniciativa sobre a velutina no Parlamento de Galicia, que se debaterían o 20 de decembro.

Coma adoita ser habitual nos debates parlamentarios galegos, o Partido Popular impuxo a súa maioría absoluta -37 votos contra 30- contra estas iniciativas con argumentos do tipo "*hai que continuar co traballo que vén realizando a Xunta de Galicia*", como se xa non se probase nos últimos anos a ineficacia do mesmo; ou que "*as trampas atrapan a outros insectos como a Vespa crabro, que é depredadora da velutina*" cando, precisamente, unha das demandas era fomentar a investigación para conseguir atraíntes e trampas máis selectivos contra as velutinas e facer máis eficaz a loita, evitando que se vexan afectados outros insectos nos labores de trampeo. Respecto á elucubración errática de que a *Vespa crabro* é depredadora da velutina, deixámola pasar.

A comisión de seguimento continuará sen contar co sector na xestión da praga

Unha das reivindicacións principais da PSV presentadas é a realización, por parte da Xunta de Galicia, dun trampeo masivo de primavera que permita capturar futuras raíñas fundadoras e evitar así a aparición dos enormes niños secundarios no verán. Xunto co trampeo, a Plataforma esixía á Xunta asinar convenios de colaboración coas universidades galegas a fin de continuar coa investigación para atopar ferramentas de control biolóxico que permitan controlar a expansión nun longo prazo. Igualmente, solicitábase da Xunta axudas directas para facer fronte aos gastos ocasionados en colmeas e froiteiras.

Finalmente, a PSV tamén solicitaba a presenza dos sectores afectados nos organismos da Administración que se están a xestionar o problema; en concreto, na comisión de seguimento da que forman parte as consellarías de Medio Rural, Medio Ambiente e Vicepresidencia (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior), a Federación Galega de Municipios e persoal técnico. Por desgraza, seguirá sendo esta comisión de seguimento, que xa demostrou con creces a súa ineficacia, a que xestione a invasión da velutina, sen permitir que ningún colectivo autorizado participe nela.

Os custes apícolas aumentaron até nun 30%

Sen o apoio decidido da Xunta de Galicia á hora de planificar unha estratexia de choque integral contra o avance da avespa asiática, moito nos tememos na Plataforma STOP Velutina que a pasividade do Executivo de Feijóo leve ao colapso un sector esencial para a biodiversidade e moitas economías labregas como a apicultura, e afecte gravemente outros como a viticultura ou a produción froiteira. De feito, agora mesmo, a loita contra a avespa asiática aumentou os custes de produción da apicultura galega entre un 20% e un 30%, sen contar coa mortandade das colmeas e a baixada na produción de mel. De seguir así as cousas, tal e como quere o PP, irá todo a peor.

VIÑO ▸ O proxecto de Ramón Bilbao levou 156.706 euros dunhas subvencións que están deseñadas para favorecer as grandes empresas e discriminar as máis pequenas

Unha adega da Rioxa acapara o 21% das axudas para plantar viñedo na Galiza

Os sete proxectos mellor dotados quedan case co 70% dos cartos, mentres que os 55 restantes repartirán o resto

A Consellaría de Medio Rural publicou, o pasado 9 de xaneiro, a listaxe de persoas e empresas beneficiarias das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia de 2017. Dos 726.400 euros que se repartiron entre os 62 plans aprobados, unha adega da Rioxa, Ramón Bilbao, beneficiada con 156.706 euros, quedou co 21% do orzamento.

Se imos ampliando o podio, seguen aparecendo grandes adegas con grandes subvencións. Así, só as cinco primeiras coparon o 60% dos cartos. Ademais de Ramón Bilbao, e por orde: Agrícola Anmar (Martín Códax), con 94.941 €; Terras Gauda, con 61.907 €; Virxe de Galir, con 74.753 €; e González Byass, de Xerez (Cádiz), con 51.115 €. Engadindo as dúas seguintes adegas (Pazo das Tapias, con 27.526 €; e Bodegas Campante, con 27.451), este selecto grupo levaría case o 70% das axudas.

Bernardo Estévez, responsábel do Viño no SLG e pequeno adegueiro no Ribeiro, explica que as axudas á reestruturación están deseñadas para beneficiar grandes adegas e que, por motivo das esixencias, exclúen as pequenas explotacións vitivinícolas. "*Moitos viticultores e viticultoras, entre quen me inclúo, que estamos a plantar todos os anos novas viñas de pouca superficie -1.000 metros no meu caso- non pedimos as axudas*", explica Bernardo. O motivo é que "*as condicións que che impoñen non son rendibles, xa que Medio Rural obrígache a encargar os traballos da nova plantación a unha empresa e non te deixa facelos a ti mesmo, co cal a subvención non dá nin para cubrir o primeiro dia. Ao final, quen poden pedir estas axudas son as grandes adegas, ás que si lles compensa*".

A listaxe de beneficiarias das axudas, como xa vimos, non fai máis que ratificar o que denuncia Bernardo Estévez. Ademais, tal e como se fai agora o reparto dos cartos para plantar viñedo novo, estase a favorecer o crecemento das adegas máis grandes que, de seguir así, terán cada vez un maior dominio sobre a produción, os prezos da uva, o mercado e o sector. Pola contra, as regras do xogo que impón Medio Rural condenan os proxectos de menor dimensión a ficar marxinados. É dicir, agora mesmo as políticas de Medio Rural estimulan a concentración do sector vitícola nunhas poucas adegas de grande dimensión apoiadas por grandes capitais, decotío foráneos, por unha banda; e favorecen a desaparición das máis pequenas e do tecido socio-económico que depende delas e que é indispensable para termos un medio rural vivo.



Ramón Bilbao é unha das marcas propiedade de Zamora Company, multinacional familiar propietaria tamén de Mar de Frades (Rías Baixas), Cruz de Alba (Ribera del Duero), Licor 43 ou Pacharán Zoco, entre outros

E seguimos sen un céntimo para as viñas destruídas pola sarabia e as xeadas de 2017

Para Bernardo Estévez "*unha vez máis, queda claro cal e o fin da política agraria desta Consellaría: que non quede ni un so labrego nin labrega no rural para, desta maneira, non ter que dar servizos e, por suposto, ser os campións do aforro ante Madrid. Basta con que esas grandes empresas contraten xornaleiros e xornaleiras que non viven no rural para que traballen as súas novas viñas; iso si, con salarios de miseria e xornadas con principio pero sen fin*".

Sorprende, ademais, que a Consellaría de Medio Rural reparta con tanta facilidade centos de miles de euros entre unha poucas adegas grandes e non sexa quen de crear unha partida orzamentaria para apoiar de maneira directa todas as explotacións vitícolas arrasadas pola sarabia e as xeadas en 2017. Estamos a falar de moitas familias viñateiras que viron moi minguadas as súas ganancias, ou mesmo quedaron sen ingresos, situación que sufrirán durante dous anos (os últimos ingresos desas familias que viven só da uva foron pola vendima de 2016 e, se perderon a colleita do ano pasado, volverán ingresar cartos en 2019, se todo vai ben, polo que vendimen neste 2018).

Dende o SLG pedimos, unha vez máis, que Medio Rural sente a dialogar co sector produtor outras normas do xogo para apoiar, estimular e potenciar a actividade das pequenas adegas familiares, que son as que realmente manteñen persoas vivindo no rural e do rural e as que conservan a esencia da nosa viticultura. E iso pode facelo coas modificacións normativas pertinentes que permitan un reparto máis xusto e equitativo dos cartos públicos de todos e todas á parte máis vulnerable do sector produtor.

VENDA DE CARNE ▸ Nunhas xornadas organizadas por Aprocam analizáronse todos os requisitos e obrigas sanitarias necesarias para poder vender carne sen intermediarios

Claves na comercialización directa de carne como alternativa para as granxas

Hoxe en día, no Estado Español é obrigatorio utilizar os servizos externos dun matadoiro para poder sacrificar animais

A finais do ano pasado, o Sindicato Labrego Galego colaboraba nunhas Xornadas sobre Comercialización de Carne en Lugo -3, 10 e 17 de novembro- organizadas pola Asociación de Produtores e Produtoras de Carne de Montaña (Aprocam). Foron unhas xornadas moi completas, nas que houbo visitas prácticas como a realizada á Explotación Experimental de Gandeiro de Montaña Marco da Curra, en Monfero (A Coruña); ou as experiencias compartidas en primeira persoa de gandeiros como Lois Varela (Palas de Rei), Xosé Blanco (Montederramo), Alberto Santín (Samos), e proxectos colectivos como a Cooperativa Monte Cabalar da Estrada ou San Cidre de Abadín.

Tamén houbo espazo para intervencións máis técnicas na primeira xornada: o técnico de SAC, Óscar Lugrís, falou de aspectos legais, fiscais e de xestión á hora de vender carne; mentres que o inspector de Sanidade Luís Couto centrou a súa intervención nos aspectos sanitarios.

De seguido, compartimos neste Fouce o contido desta última intervención polo interese que pode ter para aqueles gandeiros e gandeiras que están pensando en comercializar directamente a carne que producen como alternativa para buscar unha maior rendibilidade ao seu traballo.

En España, non se pode sacrificar na propia granxa

Dende un punto de vista legal, un gandeiro ou unha gandeira non pode vender directamente carne sacrificada na propia granxa, xa que non se contempla no Decreto 125/2014 de Venda Directa. Noutros estados da UE si que está permitida a carne de polo e coello sacrificados na granxa, posibilidade que se está a estudar tamén en España.


Para gando ovino, cabrún, porcino e vacún, é obrigatorio o sacrificio en matadoiro.

Así as cousas, hoxe en día só temos dúas posibilidades legais para vender directamente a carne que producimos: sacrificar e despezar nun matadoiro que ofreza ambos servizos (non todos o fan), ou sacrificar en matadoiro e despezar en sala propia. Os matadoiros que non contan con sala de despece, sacrifican o animal e sérvencho en forma de canle enteira, media canle ou terzos.



O Sindicato Labrego Galego escolleu a súa sede en Lugo para celebrar as xornadas técnicas sobre comercialización de carne que se desenvolveron durante tres días

Matadoiro + Sala de despece



Neste caso, xa che dan a carne co despece que pidas e ti lévaslla directamente a tendas, restaurantes ou persoas consumidoras.

Esta vía de distribución ou comercialización é mais barata, xa que non obriga a ter unha sala de despece propia. Cómpre non esquecer, sen embargo, que non todos os matadoiros teñen sala de despece. Esta opción tamén precisa de menos trámites administrativos (ao inicio), aínda que despois os rexistros son case os mesmos.

Nesta modalidade é preciso dispor dun rexistro sanitario de "distribuidor", no que se autoriza á persoa produtora a transportar a súa carne ate a consumidora final. Non se pode almacenar carne nin na explotación nin na casa, polo que o que se sacrifica tense que vender todo. Este feito compróbase mediante os quilos recollidos no matadoiro e os quilos vendidos a clientes. No caso de existir diferenzas entre as dúas cantidades considerarase un incumprimento.

As ferramentas para a venda directa: sala de despece, vehículo e rexistro sanitario

A sala de despece

Non existe unha normativa que estableza polo miúdo as condicións mínimas que ten que ter un local adicado a sala de despece. O que si hai son unhas regras xerais -a norma fala de "ambiente hixiénico"- que poden ser interpretadas pola inspección de Sanidade.

A normativa que regula esta cuestión é de ámbito europeo e esixe os seguintes requisitos básicos:

- Superficies de fácil limpeza e desinfección (solos, paredes, mesas,...). Non todo ten que ser aceiro, plaqueta ou azulexo; valen tamén resinas e pinturas especiais.
- Tamaño axeitado para as tarefas que se desenvoloven no local. Espazo suficiente para manipular o produto e non estorbarse nos traballos simultáneos.
- Espazo estanco e sen recantos. Que non entre e non saia nada.
- Auga potable ou, o que é o mesmo: auga clorada:
  -Ten que haber un clorador con depósito intermedio entre o clorador e os puntos de auga cunha capacidade duns 1.000 litros (clorador sen depósito non é autorizable, o cloro ten un tempo de actuación, polo que é preciso dispor dun depósito, axeitado á auga que se gasta, que garanta a actuación do cloro).
  -Ten que haber unha analítica da auga previa á entrada no clorador para avaliar o clorado desa auga.
  -Control periódico do clorado da auga. Semanalmente ou previo ao traballo de despece.
  -O clorador non é preciso no caso de dispor de traída de auga municipal clorada. Si sería necesario o control do clorado.
- Cámara de frío para conservar a carne (pode ser de obra ou non). Hai que facer rexistros da súa temperatura.
- Lavabos e lava mans.
- Mesas de traballo (de material de fácil limpeza).
- Esterilizador. Para a limpeza das ferramentas de traballo.
- Outros equipos.

O vehículo

En calquera das dúas modalidades é preciso dispor de rexistros sanitarios e dun vehículo de distribución con frío. Este vehículo pode ser frigorífico ou isotermo. Sanidade prefire os vehículos frigoríficos, pois os isotermos non lles prestan nada e só os autorizan (de mala gana) cando se trata de traxectos curtos (non se define "curto") e sempre e cando existan rexistros de temperatura da carne transportada.



Este tipo de vehículos ten que pasar unha inspección obrigatoria específica (transporte de mercadorías perecedoiras) cada catro anos.


O despece dos canais non se pode facer nunca na propia explotación sen dispor da autorización sanitaria pertinente.

En calquera dos dous sistemas é básico dispor dun sistema de rastrexabilidade no que, como mínimo, se recollerán rexistros de entradas e saídas de carne: quilos entregados polo matadoiro e quilos entregados á clientela (facturas e albaráns).

O rexistro sanitario

Polo demais, o trámite para a obtención dun rexistro sanitario iníciase na oficina comarcal veterinaria e dura, aproximadamente, un mes, sempre e cando estea todo correcto. Ten un custe entre 60 € e 90 €, en función de se non existen instalacións ou si (taxas de rexistro). Ademais, as salas de despece a maiores pagan unhas taxas de aproximadamente 10 € ao trimestre.

Sala de despece propia



Esta modalidade obriga a ter un local para o despece das canles. Este local é como unha carnicería pequena, sen máis. O rexistro sanitario desta modalidade é de "sala de despece" e inclúe tamén o de "Distribuidor". É dicir, con este rexistro podes manipular a carne e distribuíla (en furgoneta frigorífica). Ademais, este rexistro habilita para a comercialización da carne en toda a Unión Europea.

A persoa propietaria do local é a responsable da sanidade do produto e do local, independentemente de quen manipule o produto.

Nesta modalidade de rexistro pódese, ademais, traballar distintas especies animais na mesma sala. Para iso teñen que garantir unhas condicións mínimas (boas prácticas) que consisten en:

- Separar na cámara de frío as especies almacenadas.
- Facer o despece en momentos separados no tempo, limpando o local entre eles para evitar contaminacións cruzadas.

Cada paso conta



Para facer posíbel este proxecto colectivo precisamos da túa complicidade

www.soberaniaalimentaria.info

Prezado amigo.
Prezada amiga.

Contactamos contigo para falarche dunha publicación que sentimos moi nosa: a revista Soberanía Alimentaria, Biodiversidade e Culturas. Trátase dunha revista trimestral, en papel e dixital, apoiada polo Sindicato Labrego Galego e outros colectivos do Estado cos que coincidimos na necesidade de reflexionar sobre agricultura, medio ambiente, alimentación, cultura labrega, etc. dun xeito profundo, valente e transformador, e sempre incluíndo as voces do campo. Se non a coñeces, podes consultala en www.soberaniaalimentaria.info

Pensamos que, como persoa que formas parte do proxecto do SLG, poderían interesarche estas temáticas. Por iso, invitámoste a que apoies este proxecto coa túa subscrición, recibindo a revista en papel na túa casa. Moitas grazas pola túa implicación. É importante manter entre todos e todas proxectos amigos que fan que o noso traballo se fortaleza.

Se desexas subscribirte, son 32 € ao ano. Podes facelo de dous xeitos
- ✔ Pago online: www.soberaniaalimentaria.info/colabora/suscripcion
- ✔ Transferencia bancaria a: IBAN ES59 1491 0001 2120 6168 6222

Unha vez fagas a transferencia, envía un email cos teus datos e o xustificante de pago: suscripciones@soberaniaalimentaria.info

Campaña de apoio á á revista Soberanía Alimentaria

E se te subscribes este trimestre, levas un destes libros de agasallo!



O CONTROL DA AVESPA VELUTINA EN PRIMAVERA

O trampeo nos apiarios e a retirada de niños no verán son medidas que axudan a paliar a presión da velutina nas colmeas, pero non serve para facerlle fronte á praga. Faise necesario facer un trampeo primaveral en todo o territorio para deter o avance da velutina capturando raíñas fundadoras.

Neutralizando un niño primario en primavera, evitamos que se reproduzan 18.000 exemplares de avespa velutina no verán

Danos que causa esta especie invasora



- **Reduce a biodiversidade** dos ecosistemas por capturar moitas abellas e outros insectos polinizadores.
- **Prexuízos económicos para os sectores apícola e froiteiro.** Mata colmeas e reduce a produción de mel. Come e estraga moitas froitas.
- **Seguridade cidadá.** Se o niño se sente atacado, as velutinas poden saír en masa e atacar as persoas.
- **Traballos forestais.** Representa un risco de ataques se o traballador ou traballadora forestal non se decata da presenza dun niño na árbore que está cortando.

Trampas e atraentes

Trampas: Poden facerse caseiras con botellas de plástico. Tamén poden usarse os modelos comerciais que hai no mercado.

Atraentes caseiros

Mesturar viño branco e cervexa negra ao 40% con zume de arandos ou outros zumes de froitas ao 20% e algunha velutina.

- Recebar cada 7-15 días sen lavar as trampas.
- As cantidades de atraente a empregar serán de 100-150 ml.

Atraentes comerciais: *Avispa Clac, Veto-Pharma*. Seguir as instrucións do fabricante.

Control mediante o trampeo

Cos coñecementos que temos a día de hoxe, podemos dicir que **o trampeo a finais de outono e na primavera é a mellor ferramenta que temos para combatela**. Por cada avespa fundadora que capturemos, evitaremos a creación dun niño. Desta maneira, impedimos a reprodución de miles de avespas obreiras e que estas ataquen ás nosas abellas no verán e no outono.

Onde colocar as trampas

En lugares onde se teña detectado presenza de velutinas en anos anteriores.

1. Os lugares máis recomendables para instalar as trampas cos seus atraentes son as zonas periurbanas, preto de edificacións, xa que é aí onde hai máis probabilidade de que instalen niños primarios. Nestes niños primarios é onde asenta a raíña fundadora.
2. Tamén é moi importante colocar trampas en lugares onde avistemos as velutinas, en camelias e outras plantas con flores, especialmente se son de procedencia asiática; hortas, xardíns, etc.

Quen pode colocar trampas?

Todas as persoas poden colaborar neste trampeo masivo de primavera para capturar fundadoras: os apicultores e apicultoras nos lugares próximos ás abellas onde haxa hortas e flores que visiten as velutinas; os concellos, por medio dos servizos de xardinería e medio ambiente, poden tamén instalar trampas nos xardíns da súa demarcación; os nenos e nenas poden construír trampas caseiras no colexio, levalas para casa e colocalas nas hortas; os fruticultores e as fruticultoras nas súas plantacións, na época que haxa flores na contorna, xa que este é un problema social que afecta a todos e a todas.

Niños primarios

Trátase dun niño provisional que crea unha raíña fundadora. Non son máis grandes ca unha pelota de tenis. Cando vexamos estes niños é boa práctica eliminar a avespa fundadora conservando o niño primario. O motivo é que se conservamos o niño, este pode atraer outra fundadora que tamén poderemos eliminar. Desta maneira, poderiamos capturar varias avespas fundadoras, evitando os correspondentes niños secundarios.


Niños secundarios

Trátase de grandes niños que poden chegar a medir 1 metro de altura e 80 cm de ancho. Normalmente, están en lugares altos, como as copas das árbores, e albergan entre 15.000 e 18.000 avespas. Se atopas un destes niños, non tentes eliminalo ti só. Son moi perigosos. **AVISA AO 112**.





Construción de trampas artesanais para capturar avespas velutinas



BUROCRACIA ▸ A deficiente cobertura telefónica e de Internet e a avanzada idade das persoas na Galiza labrega dificulta o acceso a axudas, servizos e dereitos no campo

A telematización dos procedementos administrativos discrimina á xente do rural

A maiores, as plataformas informáticas utilizadas pola Administración son moi deficientes e fan moi dificultosas as tramitacións

O 2 de outubro de 2015, o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicaba unha Lei de Procedemento Administrativo que obrigaba a telematizar o traballo das administracións e que entraría en vigor un ano despois, en outubro de 2016. É dicir, que dende hai un ano, as entidades asociativas e persoas xurídicas deben relacionarse obrigatoriamente coa Administración por vía telemática, proceso que tamén se está dando cada vez con máis forza coas persoas físicas.

Na Galiza, isto está a crear un serio problema que converte as persoas que viven no rural en cidadanía de segunda en comparación coa xente que vive nos grandes núcleos urbanos, xa que a posibilidade de relacionarse telematicamente coa Administración é moi desigual dependendo de onde residas. Nun país coma o noso, onde a cobertura de Internet e telefonía deixa moito que desexar nas zonas rurais, onde a poboación do campo está moi envellecida e moita non sabe usar nin posúe teléfonos móbiles ou ordenadores -realidade extensible aos labregos e ás labregas-; telematizar os procedementos administrativos condena a unha parte moi importante da poboación a renunciar a relacionarse coa Xunta ou coa Seguridade Social, por poñer dous exemplos, e a ter que contratar os servizos dunha xestoría privada para poder facelo.

Por se non abondase, as persoas que si poden realizar os trámites administrativos por vía telemática, atópanse con que as plataformas tecnolóxicas das que dispón a Xunta de Galicia, por exemplo, son obsoletas e deficientes, fallan decotío e provocan atrancos e demoras constantes só atribuíbles ao mal funcionamento dos programas informáticos. O peor de todo é que cando isto acontece, que é día si e día tamén, non hai persoal funcionario formado para solucionar este tipo de problemas, polo que resulta moi difícil, cando non imposible, resolvelos.

Dende o Sindicato Labrego, denunciamos que as relacións da Xunta de Galicia cos seus administrados e administradas sufriron un grave deterioro no último ano por todo o devandito no que supón un claro avance no proceso de desmantelamento xeneralizado de servizos públicos que estamos a sufrir. Desta maneira, miles de cidadáns e cidadás poden e están a perder servizos e dereitos por non poder acceder a eles por vía telemática na Galiza.



A Administración é a reponsable directa do problema e ten a obriga de solucionalo

Diante desta situación, esiximos que a Xunta comece a traballar seriamente na modernización e simplificación das ferramentas informáticas que ten para realizar xestións administrativas, que forme persoal funcionario para capacitalo na resolución dos problemas que xorden diariamente neste tipo de procesos, e que invista realmente no rural -non a través de campañas publicitarias- en aspectos como a universalización das telecomunicacións en todo o territorio.

A maiores destas melloras, a Xunta está obrigada a garantir os dereitos daquelas persoas que, por idade, formación, lugar de residencia ou calquera outra causa, non pode realizar xestións administrativas por vía telemática. E para iso debe garantir que, máis alá da obrigatoriedade de telematizar todos os procedementos administrativos, esas persoas poidan facer calquera trámite directamente con persoal funcionario.

✔ Unha posible solución: dotar de recursos suficientes as oficinas agrarias comarcais

No eido agrario téñeno doado: dotar de recursos materiais e humanos suficientes as oficinas agrarias comarcais para que os labregos e labregas que o precisen, especialmente os de idade máis avanzada, poidan realizar alí calquera xestión ou trámite directamente sen ter que recorrer a unha xestoría privada, tal e como acontece de maneira xeneralizada hoxe en día.

MINARÍA ▸ Só en dúas das parroquias máis afectadas, Bama e Loxo, medio cento de granxas manteñen unha carga gandeira próxima ás 3.000 cabezas

A mina de Touro e O Pino ameaza 200 granxas cunha cabana de 5.000 reses

En canto aos postos de traballo directos en sectores agrogandeiros, perigan ao redor de 160 empregos





Máis de 2.000 persoas e medio cento de tractores apoiaron a marcha de protesta do 25 de febreiro convocada pola Plataforma Mina Touro O Pino Non

O proxecto de extracción de cobre que pretende levar a cabo Atalaya Mining nos concellos de Touro e O Pino supón unha grave ameaza medioambiental para a zona que, como xa temos analizado anteriormente (páxina 22, Fouce 317), terá un forte impacto contaminante nos recursos hídricos de ambos concellos.

Dende o Sindicato Labrego Galego queremos destacar, a maiores, os danos irreversibles que a actividade mineira podería provocar na principal actividade económica da zona, a agricultura e a gandería, xa que ambas actividades dependen completamente deses recursos hídricos ameazados, tanto para o regadío de fincas como para abeberar o gando.

A área afectada polo proxecto mineiro abrangue tres parroquias en O Pino (Arca, Cebreiro e Cerceda) e oito en Touro (Bama, Enquerentes, Foxás, Fontes Rosas, Loxo, Prevediños, Touro e Vilar). Segundo os datos do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), as tres parroquias de O Pino contan con 114 granxas, das cales 46 teñen gando bovino, con 914 reses. No caso de Touro, as súas nove parroquias afectadas polo proxecto teñen 229 granxas, 115 de bovino con 4.254. En total, estamos a falar dunha cabana gandeira que supera as 5.000 reses.

En canto aos postos de traballo afectados, O Pino ten 227 traballadores e traballadoras en sectores agrarios, o que supón o 13% da súa poboación activa; mentres que en Touro hai 324 que se dedican profesionalmente a unha ou máis actividades agrogandeiras ou, o que é o mesmo, o 21% da súa poboación activa. En base a estes datos, podemos facer unha estimación dos postos de traballo afectados pola mina se os cruzamos co número de explotacións agrarias. Así, no concello de O Pino estarían ameazados 48 empregos, mentres que en Touro serían 112. É dicir, a mina de Touro e O Pino ameaza o posto de traballo dunhas 160 persoas.

O SLG apoiou a tractorada de protesta convocada o 25 de febreiro

Cómpre destacar o caso de parroquias de Touro como Bama, con 18 granxas e 1.882 reses ou Loxo, con 35 explotacións e 960 cabezas de gando. Estamos a falar dunha zona de alta capacidade gandeira e moi profesionalizada na que, ademais de contaminarlles a auga, a mina ameaza con usurparlles a base territorial da que depende a súa actividade económica e profesional.

Por todo o devandito, o SLG manterase firme na súa oposición ao proxecto de extracción de cobre de Atalaya Mining. Boa mostra disto foi o apoio activo que o Sindicato Labrego Galego fixo da convocatoria á multitudinaria tractorada contra a mina que tivo lugar o 25 de febreiro en Touro, convocada pola Plataforma Mina Touro O Pino Non. Máis de 2.000 persoas e medio cento de tractores apoiaron a marcha de protesta para defender o medio de vida de todas as granxas ameazadas pola actividade mineira.

LEIS ▸ O Goberno de Rajoy atrasa a súa aprobación

A Lei de Depredación de Galiza contravén unha directiva comunitaria

Unha pregunta realizada pola eurodeputada Lidia Senra ao comisario de Medio Ambiente, Karmenu Vella, revelou que a Comisión Europea leva máis de medio ano agardando a que o Estado Español lle diga como ten pensado aplicar Directiva 2014/52/UE á lexislación española.

Trátase dun feito importante na loita contra a Lei de Depredación, xa que o Estado Español ten a obriga de que a súa lexislación se adapte a esta directiva comunitaria relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

Obviamente, a Lei de Depredación de Galiza contravén esta directiva aproveitándose do baleiro legal que, ao respecto, deixa o Goberno de Rajoy ao non poñela en práctica. De feito, esta directiva debería terse aplicado xa o 16 de maio de 2017. Dado que o Goberno de España segue sen contestar, é moi posible que o asunto remate no Tribunal de Xustiza da UE.

"*É urxente alertar á cidadanía de que o texto aprobado polo PP na Galiza* (Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais) *incumpre cuestións da Directiva 2014/52/UE que son esenciais para defender os nosos dereitos*", denunciou Lídia Senra. "*Limita o dereito á consulta pública reducindo nalgúns casos os prazos de exposición a 20 ou mesmo 15 días en lugar de máis de 30 como especifica a norma europea e, en xeral, establece condicións máis febles para as avaliacións de impacto ambiental, contradicindo totalmente o recollido na Directiva medioambiental europea*".

FORMACIÓN ▸ Medio Rural minimiza a oferta formativa dun centro de referencia con grandes investimentos

O SLG da Mariña reclama o Ciclo de Agroecoloxía na Escola Pedro Murias

Con este baleiro, Galiza se atopa agora mesmo sen oferta formativa en agroecoloxía orientada aos sectores gandeiros

Vai para un ano que, a iniciativa de profesionais mariñáns de longa traxectoria e convocadas polo Concello de Ribadeo, diversas entidades relacionadas co medio rural, entre ellas o Sindicato Labrego Galego, xuntámonos para falar da deriva de abandono da Escola Pedro Murias de Ribadeo.

A Escola Pedro Murias, que ten orixe nunha doazón desinteresada de hai un século, foi obxecto de importantes investimentos públicos que chegaron a transformar este centro formativo no único de titularidade pública que conta cunha granxa certificada polo Craega. Ademais, está dotada con instalacións, residencia, comedor, medios técnicos e humanos para dar servizo até 40 alumnos e alumnas para se formar en horta, apicultura ou produción e transformación de leite ecolóxico.

Tralo esforzo para acadar a certificación en ecolóxico e o éxito da primeira promoción do ciclo de Produción Agroecolóxica, impartido nos cursos 2011-2012 e 2012-2013, a Xunta decidiu deixar de ofertalo, deixando a escola só con cursiños ocasionais, xornadas técnicas e formación para a incorporar mozos e mozas á actividade agraria.

Considerando esta decisión gravemente danosa para o futuro do medio rural mariñán, redactouse unha carta dirixida á conselleira de Medio Rural na que se solicitaba a reactivación da oferta formativa da escola e a recuperación da formación regulada co Ciclo de Produción Agroecolóxica.

A resposta da conselleira á devandita carta foi o silencio e, superado o inicio do curso, observamos que o ciclo formativo devandito impartirase de novo este ano só en Ponteareas, nun centro cunha formación práctica agraria orientada -xunto coa horta- á produción de aceite e viño.

O Sindicato Labrego Galego na Mariña entende que esta decisión supón teimar nunha grave irresponsabilidade, xa que a oferta formativa en Pedro Murias supón un complemento imprescindible á impartida en Ponteareas, tanto pola súa localización xeográfica como pola orientación gandeira.

COMISIÓNS LABREGAS ▸ Levouse a cabo un acto de homenaxe na súa casa natal da Coruña

Cúmprense 25 anos da morte de Moncho Valcarce



O 1 de febreiro de 1993 morría na Coruña Moncho Valcarce. Con motivo do 25 cabodano do seu pasamento, levouse a cabo un acto de homenaxe inaugurando unha placa conmemorativa na casa que naceu en 1935, na cidade da Coruña, na que reza unha frase do propio Moncho: "*O compromiso liberador consiste en identificarse cos que sofren o peso da opresión para colaborar na conquista dunha nova Galiza e dun novo mundo*".

IBI ▸ Pretendían cobrar o IBI de 2015 a 1.200 inmobles agrarios que non tiñan que pagar até o ano 2016

O SLG destapa erros masivos no catastrazo de Vilalba

A comezos de ano, o SLG destapaba un erro masivo no cobro do IBI ás granxas de Vilalba. En concreto, soubemos de 1.200 notificacións enviadas pola Deputación demandando os atrasos do IBI de 2015 aos bens regularizados ese ano.

Porén, a coordinadora comarcal do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, denunciou que moitos deses cobros correspondían a inmobles agrarios e que, polo tanto, só están obrigados a pagar a partir do 1 de xaneiro de 2016. Diante disto, o SLG rexistrou un escrito demandando do goberno municipal a paralización do cobro até que se comprobe se efectivamente se trata de construcións agrarias ou non e, de selo, se corrixa de oficio a data de efecto da regularización. Tamén se pediu unha xuntanza co alcalde, Agustín Baamonde, para tratar o problema. A pesares de que se paralizou o cobro, o goberno vilalbés non respondeu á demanda de reunión.

SANIDADE ▸ Manifestación multitudinaria en Compostela

O PP aproba a Lei de Saúde a pesares das protestas

O 4 de febreiro, unha multitudinaria manifestación convocada por SOS Sanidade Pública encheu as rúas de Compostela contra a reforma sanitaria do PP. O SLG apoiu esta mobilización porque o maior impacto dos recortes en sanidade estanse facendo no rural, coa supresión de áreas sanitarias como a de Monforte, A Mariña, Valdeorras ou o Salnés.

A pesares das protestas, o PP utilizou a súa maioría absoluta para aprobar a Lei de Saúde o 7 de febreiro.



OS RISCOS LABORAIS NO TRABALLO AGRARIO

Espazo subvencionado por:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ALERXIAS



QUE SON AS ALERXIAS?

Unha alerxia é unha hipersensibilidade ou reacción desproporcionada do sistema inmunitario das persoas cando se toca, respira ou inxire unha substancia que é inofensiva para a maioría da xente.

O corpo das persoas alérxicas recoñece estas substancias como ameazas e reacciona de forma inaxeitada, provocando efectos que poden ir dende lixeiras molestias até a morte.

Os alérxenos (substancias que causan a alerxia) poden ser naturais (pole, pos, alimentos...) ou sintéticos (procedentes de produtos químicos e/ou artificiais), sendo estes últimos os máis habituais na causa de alerxias.

Os síntomas da alerxia non xorden no primeiro contacto, xa que se trata dun proceso no que, tras continuos contactos cos alérxenos, a persoa vaise sensibilizando ata que, tras un período determinado de tempo, desenvolve a alerxia.

A partir dese momento, cada vez que o individuo contacta co axente causante do seu alerxia desencadeará os mesmos síntomas.

As alerxias poden ter causas xenéticas, transmitíndose de pais e nais a fillos e fillas.
As reaccións alérxicas poden producirse de tres maneiras diferentes:

Inmediata: os síntomas aparecen ao pouco do contacto co alérxeno.

Retardada: os síntomas aparecen tras varias horas de exposición.

Dual: mestura de ámbolos dous procesos.

PRINCIPAIS ALÉRXENOS

■ **Ácaros do po:** coñecida habitualmente como alerxia ao po. Sobre todo en invernadoiros e lugares de almacenamento de produtos agrícolas nos que as condicións de humidade e temperatura favorecen a aparición destes. Tamén na recollida de cítricos e outras froitas.
Como evitar:

- Evitar a exposición ao po.
- Empregar máscaras de protección.
- Ventilar os lugares de traballo e manter a humidade por baixo do 50%.
- Rotación dos traballadores e das traballadoras.
- Manter unha limpeza axeitada. Empregar acaricidas ou biocidas, tendo en conta o risco para as traballadoras destes produtos así como que, a pesares de exterminar os ácaros, os alérxenos poden seguir presentes durante moito tempo logo do tratamento.
- Manter a orde e a limpeza nas instalacións.
- Almacenamento de produtos agrícolas:
  -Mantemento axeitado das instalacións, evitando gretas e orificios.
  -Almacenar os produtos de xeito que se permita a ventilación do lugar.
  -Limpar o chan axeitadamente.
  -Non mesturar o gran vello co gran novo.





■ **Gando:** o máis frecuente é que apareza en traballadores e traballadoras de granxas de cría de polos, galiñas, patos ou de produción de ovos. Como evitar:

- Diminuír a concentración de animais por metro cúbico e empregar materias absorbentes para as camas dos mesmos.
- Separar as zonas de aloxamento dos animais das zonas de traballo sen contacto cos mesmos.
- Ventilar axeitadamente os lugares de aloxamento, dirixindo os fluxos de aire do traballador aos animais.
- Empregar roupa de traballo específica para o traballo cos animais. Separala do resto da roupa e lavala illadamente do resto.
- Empregar os equipos de protección individual precisos (luvas, buzo, máscara,...)

■ **Pole:** aínda que é mais frecuente no medio urbano, tamén se pode dar no medio rural.
Como prever:

- Non realizar tarefas con forraxes / plantas no momento da floración.
- Empregar máscaras de protección.
- Non saír a primeira hora da mañá nin ao atardecer. Evitar os días de forte vento que coincidan coa floración das plantas.

■ **Fungos e mofos.**

- Evitar que os produtos que se manexan teñan fungos ou mofos.
- Ventilar os lugares de traballo.
- Empregar máscaras de protección.
- Limpar os lugares con mofo.

■ **Alerxias de orixe animal e picaduras de insectos:** Os síntomas que demostran as alerxias son:

- Cutáneos: dermatite, proído, eccema, proído, pel encarnada, inflamación, erupcións,...
- Dixestivos: vómitos, diarreas, dor abdominal,...
- Oculares: conxuntivite, lagrimexo, proído, dor nos ollos,...
- Pulmonares: tos, sibilacións, afogos, asma,...
- Otorrinolaringolóxicos: rinite, sinusite, moqueira, proído do nariz, esbirros, conxestión nasal.....
- Anafilaxe: en casos moi graves, malestar xeneralizado, dificultade respiratoria, mareos, dor de cabeza, perda de consciencia,....

SEGUE ▸

ALÉRXENOS HABITUAIS EN AGRICULTURA



Os alérxenos mais habituais no sector agrogandeiro son: Aves, proteínas animais (pelo de animal), po de grans, pole, fariñas, po de madeira, po de forraxes, gomas e fitosanitarios. As alerxias ocasionadas por algúns destes alérxenos poden se consideradas enfermidades profesionais.

Principios da acción preventiva no que respecta ás alerxias.

- Substituír o perigoso por aquilo que entrañe pouco ou ningún risco, é dicir, cambiar as substancias que ocasionan alerxia por outras que non o fagan (no caso de que se poida).
- Modificar os postos de traballo para evitar / reducir a exposición ao alérxeno.
- Modificar as condicións ambientais de xeito que reduzan a presenza de alérxenos.
- Extremar as medidas hixiénicas.
- Empregar medidas de protección individual (sempre e cando non sexa posible establecer outro tipo de medidas que eliminen o risco de padecer alerxia).
- A vixilancia da saúde: mediante a realización de probas alérxicas para comprobar se existe sensibilización ou non a algunha das substancias / materiais empregados no proceso produtivo.

ALERXIAS DE ORIXE LABORAL

O diagnóstico dunha alerxia de orixe laboral baséase fundamentalmente na historia clínica e laboral e nas probas diagnósticas. Con relación ás probas, hai que recordar que un traballador ou traballadora pode terse sensibilizado a unha sustancia pero non desenvolver síntomas alérxicos. Porén, coas probas alérxicas pode detectarse esa sensibilización.

Por iso, é de especial importancia solicitar toda a información posible sobre os produtos presentes na granxa (tanto as materias primas como os produtos intermedios e finais) e os procesos de produción. Para facer isto, son necesarias as fichas de datos de seguridade dos produtos, os valores de exposición ambiental das sustancias, a avaliación de riscos da empresa e as medidas preventivas implantadas.

Principais alerxias de orixe laboral:

- **Rinite:** enfermidade inflamatoria do nariz que se caracteriza pola aparición de esbirros, proído, secreción e obstrución nasal, xeralmente unido a conxuntivite. Está moi relacionada tamén coa asma laboral. Pode ser alérxica e non alérxica (cando esta é producida por axentes irritantes presentes no entorno de traballo).

Na agricultura, a rinite está ocasionada principalmente pola presenza de ácaros, pos orgánicos, cereais e produtos organofosforados (fitosanitarios)

- **Asma laboral:** é a primeira causa de enfermidade pulmonar ocasionada polo traballo nos países desenvolvidos. Os síntomas principais son a falla de aire (obstrución dos fluxos de aire a través dos bronquios) pola exposición a po, vapores, gases ou fumes do lugar de traballo, existindo mais de 300 axentes causantes. O hábito de fumar actúa como factor de risco na sensibilización das traballadoras e dos traballadores (entre outros).

Pode ser non inmunolóxica ou inmunolóxica, sendo esta última a mais común.

A asma laboral en agricultura está ocasionada, principalmente, polo po de cereais e soia, fariñas de trigo e centeo, fertilizantes, fungos e as súas esporas, ouriños e pelos de animais, plumas e excrementos de aves, ácaros e insectos (cochinillas, couzas, grilos, moscas de rio,..), insecticidas organofosforados, funxicidas con base de tetracloroisoftalonitrilo ou óxido de tributilo, resinas de piñeiro, sulfitos, po de serraduras de certas madeiras, gases como o dióxido de xofre, amoníaco e cloro, etc.



- **Dermatose ou dermatite de contacto:** é unha das enfermidades de orixe laboral máis común. É a resposta inflamatoria da pel orixinada ou favorecida pola presenza de axentes físicos, químicos ou biolóxicos no lugar de traballo.

É unha reacción de hipersensibilidade da pel pola presenza dun alérxeno. Os síntomas son: inflamación, proído, eccemas, erupcións, ampolas e mesmo úlceras.

Este tipo de alerxias pode ter orixes moi diversas e esta moi influenciado polas características individuais das traballadoras e dos traballadores (sexo, antecedentes previos, raza, tratamentos médicos,...), as características dos locais de traballo e as características do alérxeno (forma de presentación, dose, peso molecular,...)

TRABALLO CON ANIMAIS

As principais enfermidades alérxicas do traballo con animais son as respiratorias e as dermatites de contacto.

As causas destas son, principalmente o pelo dos animais (non o pelo en si, senón as proteínas presentes fundamentalmente na caspa dos animais), plumas, a saliva, as lágrimas, os ouriños ou o soro.

Cando os animais mudan o seu pelo, renovan tamén a súa pel, producindo escamas microscópicas de pel morta que flotan no aire e ao ser respiradas polas traballadoras e traballadores provocan os síntomas da alerxia.



Os principais síntomas de alerxia aos animais poden aparecer meses, e mesmo anos, logo do primeiro contacto co animal:

- **Danos en vías respiratorias (altas e baixas):** inflamación da mucosa nasal, moqueira, ruxidos nasais, tos irritativa, conxestión, asma, dificultade respiratoria, opresión no peito,..
- **Conxuntivite:** proído de ollos, fotofobia, lagrimexo...
- **Proído** de ollos, nariz, gorxa, padal, oídos ou gorxa.
- **Urticaria** e inflamación da pel.

Estes síntomas non aparecen só cando hai un contacto directo cos animais ou cando estes se atopan presentes no lugar de traballo, senón que caspa e outras substancias causantes de alerxia quedan presentes no lugar de traballo podendo entrar en contacto coas traballadoras e traballadores, provocando a sensibilización ou reacción alérxica.

■ **Medidas de prevención:**

- Orde e limpeza das instalacións.
- Diminuír a concentración de animais por metro cúbico e empregar materias absorbentes para as camas dos mesmos.
- Humedecer as camas dos animais cando se proceda á súa limpeza.
- Separar as zonas de aloxamento dos animais das zonas de traballo sen contacto cos mesmos.
- Ventilar axeitadamente os lugares de aloxamento, dirixindo os fluxos de aire do traballador ou traballadora aos animais.
- Empregar roupa de traballo específica para o traballo cos animais. Separala do resto da roupa e lavala illadamente do resto.
- Empregar os equipos de protección individual precisos (luvas, buzo, máscara,...)
- Vixilancia da saúde axeitada das traballadoras.
- Manter unha boa hixiene persoal

ALERXIA AO LÁTEX

O látex é un material de orixe natural que forma parte de moitos dos equipos de protección individual empregados polas traballadoras e traballadores, fundamentalmente as luvas, algunhas máscaras, roupa de traballo impermeable, mangueiras e tubaxes,...

Arredor do 3% da poboación sofre de alerxia a este material.

A alerxia ao látex pode ser de dous tipos:

- **Hipersensibilidade inmediata:** asociada a unhas proteínas específicas do látex que provocan a sensibilización das traballadoras e traballadores tras contactos repetidos.
- **Hipersensibilidade retardada:** prodúcese por sensibilización a algún dos aditivos presentes no látex. Os síntomas localízanse unicamente no lugar de lugar de contacto, aparecendo nas 24–48 horas logo da exposición. Os síntomas son máis leves que na anterior.

As enfermidades mais frecuentes orixinadas polo látex son: asma, rinite, urticaria, anxioedema (inflamación de ollos, beizos, lingua,...), dermatite de contacto, anafilaxe sistémica (en casos de reaccións alérxicas moi graves, en persoas moi sensibles).

■ **Factores que contribúen á sensibilización (e a agravan):**

- Integridade da pel: a presenza de feridas, rabuñaduras, lavado excesivo con xabóns agresivos, patoloxías dermatolóxicas previas poden potenciar a reacción alérxica ao látex.
- Uso intensivo de equipos de protección individual con látex. A maior tempo de exposición, maior probabilidade de sensibilización.
- Uso de guantes con po de millo como lubricante, xa que este pode acelerar os procesos de alerxia ás proteínas do látex.
- Historial clínico da persoa (certos tratamentos, cirurxías previas,.... favorecen a sensibilización ao látex).

■ **Produtos químicos:**

O uso de produtos químicos para practicamente todo fai que cada vez sexan máis frecuentes a aparición de alerxias causadas por estes produtos, tanto nos lugares de traballo como fora del.

Os principais síntomas de alerxia por produtos químicos son urticaria, erupcións na pel, eccema de contacto, conxuntivite, proído, lagrimexo, rinite e problemas nas vías respiratorias.

Debemos prestar especial atención ás substancias químicas sensibilizantes, que son aquelas que inducen ou provocan hipersensibilización ou alerxia. Segundo a normativa europea hai mais de 1.000 substancias consideradas sensibilizantes e, una vez a traballadora ou traballador se sensibilizou poden provocar danos á saúde moi graves, mesmo a moi baixas concentracións. A sensibilización a un determinado produto químico pode facer que tamén se produzan reaccións alérxicas a outros produtos diferentes pero cunha estrutura química similar.

Cando empregamos este tipo de produtos debemos seguir unha serie de **recomendacións** básicas:

- Ler a etiqueta do produto, especialmente o referido ao riscos, instrucións sobre o seu manexo e medidas de seguridade e almacenamento a adoptar.
- Pedir, ler e conservar xunto co produto a ficha de datos de seguridade, na que se recolle información detallada sobre o produto e as súas substancias, así como instrucións de uso e manipulación e os danos para a saúde das traballadoras e o medio ambiente.

En caso dun sensibilizante por inhalación:



Nocivo

"Posibilidade de sensibilización por inhalación"



Perigo

Se se trata de sensibilizantes cutáneos:



Irritante

"Posibilidade de sensibilización por contacto coa pel"



Atención



LOITO ▸ Un exmilitar serbio matouno a el e a dous gardas civís entre Albalate del Arzobispo e Andorra (Teruel)

Conmoción polo asasinato de José Luis Iranzo, da Executiva de COAG Aragón

O entorno familiar e social do finado foi moi crítico coa xestión do Ministerio do Interior por non alertar do perigo existente

O pasado 14 de decembro, o mozo gandeiro José Luís Iranzo foi asasinado a tiros nunha zona de montaña entre Albalate del Arzobispo e Andorra, ambas localidades de Teruel. A nova provocaba unha fonda consternación en todas as organizacións agrarias que formamos parte da COAG, xa que José Luís Iranzo era un destacado dirixente da coordinadora en Aragón e ocupou cargos a nivel de Estado como o de responsábel de Mocidade entre 2006 e 2009.

José Luis tiña 40 anos, estaba casado, tiña un fillo, e rexentaba unha granxa de ovino con cultivos de cereal, froitos secos e oliva. Xunto a el, morreron dous gardas civís asasinados tamén por Norbert Feher, un exmilitar serbio que se atopaba en busca e captura por disparar contra dúas persoas en Albalate uns días antes e roubar en varias masias. Feher tamén estaba sendo buscado pola Interpol por varios asasinatos cometidos en Italia.

Estes feitos provocaron duras críticas da familia e dos amigos de José Luis, que dixeron sentir "*dor, tristeza, indignación e un sentimento de total indefensión*". Neste senso, denunciaron que as autoridades non alertaron do perigo dun asasino solto a pesares de que se tiña constancia dos seus antecedentes na zona. De telo sabido, ninguén tería ido ao monte traballar.

Diante das declaracións do ministro de Interior, Juan Ignacio Zoido, quen se gabou da "*rápida resposta*" da Garda Civil, a muller de José Luis, Eva Febrero, respondeu con duras críticas: "*Como se nota que os asasinados non son a súa familia*", escribiu en Facebook indignada. "*José Luis estivo non sei cantas veces coa Garda Civil. A última vez que o vin ía ao cuartel. Axudoulles en todo canto puido. Buscaban todos un asasino e podíase saber. As probas de Albalate eran contundentes. E, sen embargo, todos ían a peito descuberto. José Luis non sabía a que se enfrontaba. Foi José Luis, meu ceo, meu todo, pero podería ter sido calquera desta zona, calquera veciño, os nosos amigos labregos, calquera neno que acompañase ao seu pai coas ovellas, calquera*".

GALARDÓN ▸ Houbo 15 candidaturas de África e América

Vía Campesina leva o Premio Navarra de Solidariedade

A Vía Campesina foi galardoada co XV Premio Navarra de Solidariedade Internacional, convocado polo Goberno de Navarra e a Caixa Laboral co fin de promover, difundir e recoñecer o labor voluntario de persoas e entidades que destacan pola súa traxectoria no ámbito da cooperación internacional ao desenvolvememto e na loita a favor dos sectores sociais e os países máis desfavorecidos.

O Premio Navarra de Solidariedade entregouse tras un concurso aberto no que o xurado elixiu a Vía Campesina entre cinco finalistas. Previamente, presentáranse quince candidaturas de persoas e institucións de África, Centroamérica e Sudamérica.



LOITA ▸ 33.000 voces contra o Foro Global de Alimentación

Manifestación en Berlín en defensa da agroecoloxía

O 20 de xaneiro, Berlín foi escenario dunha multitudinaria manifestación convocada por máis de cincuenta colectivos ligados á agricultura ecolóxica e ao medio ambiente, entre os que se atopaba a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), para demandar unha viraxe do modelo agrícola e alimentario europeo cara a outro baseado nas granxas a pequena escala e na agroecoloxía.

A manifestación, que foi secundada por unhas 33.000 persoas e un cento de tractores, coincidiu co Foro Global para a Alimentación e a Agricultura (GFFA), que convocou máis de 70 ministros e ministras de Agricultura na capital alemá, no marco da Semana Verde.



ASEMBLEA XERAL ▸ A ECVC celebrou a súa asemblea xeral en Bruxelas, do 15 ao 17 de xaneiro, para planificar as accións coas que poñer en práctica os acordos de Derio

A PAC marcará a axenda da Coordinadora Europea da Vía Campesina en 2018

En representación do Sindicato Labrego asistiron a secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane, e Sonia Vidal Lamas, da Executiva

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) celebrou a súa asemblea anual en Bruxelas, do 15 ao 17 de xaneiro, á que asistiron en representación do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane e Sonia Vidal Lamas. Ademais da asemblea xeral, hóuboas de mocidade e mulleres e, o último día, levouse a cabo unha acción de protesta contra os transxénicos diante do edificio da Comisión Europea.

Nesta asemblea, a ECVC fortaleceuse coa incorporación de dúas novas organizacións agrarias: Boerenforum, de Flandes; e Ekoland, de Polonia. Desta maneira, vese reforzada a loita a prol dun modelo agrícola e alimentario agroecolóxico, con granxas de pequena escala que garantan un forte tecido humano e de creación de riqueza no rural europeo. "*O modelo industrial destrúe aos labregos e ás labregas*", explicou Isabel Vilalba. "*Cada vez hai máis proxectos agrícolas grandes e sobredimensionados que destrúen moito emprego agrario e desertizan o campo. E as pequenas e medianas granxas que sobreviven fano, polo xeral, sometidas ás condicións de industrias ou grandes cooperativas que impoñen modelos integrados aos que é moi difícil atopar alternativas*".

Precisamente, nos dous días que durou a asemblea trataronse unha grande cantidade de temas de actualidade nos que poder traballar coa vista posta en defender o modelo agroecolóxico e a soberanía alimentaria en Europa. Dende os cambios no regulamento da PAC e a reforma prevista para 2020, á Declaración de Dereitos Labregos que, neste 2018, vivirá un ano clave de cara á súa posible aprobación.

"*Máis alá das cuestións de actualidade*", matizou Isabel Vilalba, "*traballouse en xeitos de fortalecer a organización labrega, estudando posibles estratexias para acadar unha maior incidencia social e política, compartindo ideas e experiencias sobre como mellorar a incorporación de xente nova á agricultura e aos colectivos agrarios e debatendo sobre como fortalecer os medios materiais e humanos das propias organizacións que formamos parte da ECVC*".





Dúas imaxes que resumen a asemblea anual da Coordinadora Europea da Vía Campesina. Arriba, asemblea xeral; abaixo, acción contra os transxénicos xunto ao edificio da Comisión Europea

23 de maio: acción da Coordinadora no Parlamento Europeo contra a nova PAC


Entre os eventos previstos pola ECVC para 2018, destacan as accións que se levarán a cabo o 23 de maio no Parlamento Europeo, xusto uns días antes de que a Comisión Europea faga públicos os eixes que vertebrarán a nova PAC.

Será unha acción conxunta da ECVC cos grupos parlamentarios que defenden unha política agraria feita en base aos intereses dos labregos e labregas e do medio rural, e non a medida das multinacionais e industrias químicas e alimentarias ou das grandes superficies comerciais. En definitiva, será unha protesta contra uns cambios na PAC que só buscan "*dotar de máis ferramentas ás grandes corporacións e multinacionais para que fagan cada vez máis negocio con nichos de mercado como o dos seguros agrarios*".

Outra data na axenda é a do 17 de abril, Día Internacional da Loita Labrega, no que as organizacións que formamos parte da ECVC incidiremos en denunciar os tratados de libre comercio máis alá do TTIP ou do CETA, xa que se están a negociar máis acordos con outros países ou rexións que serán moi lesivos para os labregos e labregas de Europa.

REGULAMENTO OMNIBUS ▸ O 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor o Regulamento Omnibus da PAC. Previamente, foi aprobado polo Comité Especial de Agricultura da UE o 16 de outubro e terá vixencia no período 2018-2020. Nesta reportaxe, imos debullar os principais cambios que supón este Regulamento Omnibus e, posteriormente, analizar a súa incidencia nas políticas agrarias da Unión Europea.

Cambia a PAC para que a PAC siga igual



O Regulamento Omnibus introduce cambios nos catro piares da PAC: pagamentos directos, desenvolvemento rural, organización común de mercados e regulamento horizontal. Estes son os principais:

PAGAMENTOS DIRECTOS

▸ **Agricultor activo:** Dáse máis marxe a cada estado para que defina que considera como agricultor/a activ@, pero tamén para flexibilizala e volver permitir que cobren a PAC beneficiarios como campos de golf ou aeroportos. Trátase dun requisito que hai que cumprir para ter dereito a solicitar as axudas directas da PAC.

▸ **Coeficiente de admisibilidade de pastos (CAP):** Inclúense superficies arbóreas ou de pasto arbustivo. As regras actuais son modificadas para proporcionar maior flexibilidade aos estados membros na implementación do requisito. Desta forma os prados arbustivos e baixo arborado poderán volver ser tidos en conta para as axudas da PAC. Falta por saber como se aplicará isto no Estado Español, onde toda a loita por incluír os pastos arbustivos e superficies arbóreas estivo centrada na defensa da dehesa. Na xuntanza de traballo que mantivemos con persoal técnico do FOGGA, dixeron non saber nada disto.

▸ **Pagamento verde ou *greening*:** Prohibición de utilizar fitosanitarios nas Superficies de Interese Ecolóxica (SIE) que poden ser produtivas, como as terras a barbeito e aquelas nas que se sementen cultivos fixadores de nitróxeno. As explotacións con menos de 15 hectáreas quedarán exentas das obrigas das SIE. As áreas cultivadas con variedades vexetais como silvestres (*Miscanthus*) e silphion (*Silfo perfoliotum*), así como a terra deixada a barbeito para as plantas melíferas, tamén serán consideradas como superficie ecolóxica.

▸ **Axudas á mocidade:** Poderanse mellorar as subvencións directas para xente nova para estimular o relevo xeracional. As subvencións adicionais para mozos e mozas concederanse durante cinco anos e poderán ser até un máximo do 50% superiores do valor medio dos dereitos de pago básico, cando antes ese tope era do 25%, desaparecendo os límites mínimo e máximo de hectáreas por explo- tación.

ORGANIZACIÓN MERCADOS

▸ **Reparto de valor:** a posibilidade de negociar colectivamente cláusulas de reparto de valor nos contratos farase extensiva a outros sectores ademais do azucreiro e terá carácter voluntario.

▸ **Organizacións de produtores:** Seguirán sendo de recoñecemento voluntario. Algunhas das súas facultades, como a planificación da produción, optimización dos custes de produción, comercialización e negociación de contratos de subministro de produtos agrícolas que xa teñen sectores como o do aceite de oliva, carne de vacún ou cultivos herbáceos, ampliaranse a todos os sectores.

▸ **Xestión de crises:** Non prosperou a proposta de establecer un plan voluntario de redución da produción en épocas de crise, co que o debate sobre esta materia posponse a despois de 2020.

DESENVOLVEMENTO RURAL

▸ **Instrumento de Estabilización das Rendas (IER):** Aínda que as axudas vinculadas ao instrumento xeral de estabilización de ingresos seguiranse activando cando os ingresos dun labrego ou dunha labrega diminúan en máis do 30% dos seus ingresos medios anuais, o limiar para que se active o novo instrumento sectorial será do 20%. Tamén, as axudas relativas a pólizas de seguro que cubran, entre outras cousas, as perdas provocadas por fenómenos meteorolóxicos adversos aboaranse cando se destrúa máis do 20% da produción anual media do labrego ou labrega.

REGULAMENTO HORIZONTAL

Neste apartado, que corresponde fundamentalmente a xestión institucional -reserva para crises, disciplina financeira, etc.- non houbo novidades destacables.

SEGUE ▸

Dous terzos das persoas que cobran PAC no Estado Español non cotizan como labreg@s

Coma xa nos teñen afeitos e afeitas en Bruxelas, a Comisión Europea cambia moitas normas da Política Agraria Común (PAC) para que, ao final, non mude nada. A pouco que analicemos, poderemos comprobar que o Regulamento Omnibus non toca ningún dos principais problemas que hoxe xeran as políticas agrarias como os prezos, o control dos mercados, a especulación cos fondos europeos, etc.

Un bo exemplo témolo na figura do agricultor ou agricultora activ@, requisito imprescindible para cobrar as axudas da PAC. A novidade do Omnibus é que cada estado terá liberade para fixar os requisitos para ser agricultor/a activ@. O Ministerio de Agricultura xa adiantou que, no Estado Español, os requisitos seguirán as ser os mesmos que na pasada PAC. Mala nova se temos en conta que en España, das máis de 800.000 persoas que percibiron axudas en 2016, non chegaban a 286.000 as que cotizaban como labregos ou labregas (e antes de que existise a figura d@ agricultor/a activ@ era peor, con 900.000 persoas beneficiarias). Outros datos interesantes é que hai 89 persoas beneficiarias que perciben unha axuda superior aos 500.000 € (ver táboa da dereita). Feitos coma estes fan de España un dos países da UE onde os cartos da PAC se reparten de maneira máis desigual. Noutros países como Portugal, Franza, Reino Unido ou Alemaña, a maioría das persoas que perciben axudas da PAC -máis de dous terzos- cotizan como labregos e labregas.

Distribución das axudas directas da PAC entre as beneficiarias por estratos. Exercicio 2016

Estratos	En miles de euros		En número de beneficiarios	
	España	Unión Europa	España	Unión Europea
< 0 €	-90	-4.215	43	2.307
≥ 0 y < 500 €	54.735	558.198	194.210	1.789.788
≥ 500 y <1.250 €	142.799	1.273.584	173.676	1.591.323
≥ 1.250 y <2.000 €	135.352	1.094.567	85.166	691.639
≥ 2.000 y <5.000 €	452.871	3.467.290	141.012	1.082.662
≥ 5.000 y <10.000 €	576.166	4.345.731	80.998	613.147
≥ 10.000 y<20.000 €	929.793	6.478.995	65.282	456.736
≥ 20.000 y <50.000 €	1.451.706	11.200.884	48.329	366.295
≥ 50.000 y <100.000 €	670.544	5.970.905	10.051	89.347
≥ 100.000 y <150.000 €	232.732	1.991.684	1.949	16.577
≥ 150.000 y <200.000 €	121.935	1.058.365	714	6.158
≥ 200.000 y <250.000 €	72.089	722.764	324	3.241
≥ 250.000 y <300.000 €	46.226	541.105	171	1.983
≥ 300.000 y <500.000 €	80.408	1.113.603	220	2.954
≥ 500.000 €	78.333	1.176.826	89	1.453
TOTAL	5.045.599	40.990.286	802.234	6.715.610





Arriba, táboa coa distribución das axudas da PAC en España. Abaixo, dous dos principais beneficiados polas axudas: á esquerda, Demetrio Carceller Arce, vicepresidente da construtora Sacyr, levou máis de 9 millóns; á dereita, Juan Roig, dono de Mercadona, levou case 18 millóns

Grandes fortunas asaltan a PAC española

Unha investigación realizada por El Diario revelaba que 60 familias que se atopan entre as 200 maiores fortunas de España percibiron subvencións da PAC dende 2008 por valor de 250 millóns de euros. Imos ver polo miúdo as dez primeiras destas familias millonarias que máis cobran da PAC en España. Os cálculos foron feitos por axudas percibidas entre 2008 e 2015:

- **Familia Mora Figueroa:** 50 millóns en axudas da PAC cobrados a través de 22 empresas. Patrimonio estimado: 800 millóns de euros.
- **Familia Domecq:** 36'6 millóns de PAC cobrados a través de máis de 40 empresas. Patrimonio estimado: 450 millóns de euros.
- **Elías Fernández Barrera e familia:** Principais accionistas do imperio arroceiro Ebro Foods, multinacional que cotiza no Ibex 35 e comercializa marcas como Brillante ou La Cigala. 28'6 millóns de PAC. Patrimonio estimado: 800 millóns de euros.
- **Juan Roig:** Principal accionista de Mercadona. Levou 17'7 millóns da PAC. Patrimonio estimado: entre el e a súa muller teñen uns 7.400 millóns.
- **Familia Vall:** Posúen un conglomerado de industrias cárnicas, con intereses en empresas farmacéuticas, de transporte, téxtiles, etc. Levaron da PAC 11'4 millóns de euros. Patrimonio estimado: máis de 1.000 millóns.
- **Irmáns Ferrero Jordi:** Donos de Nutrexpa, con marcas líderes nos seus sectores como Cuétara, Cola Cao, Nocilla, Artiach, Marbú, Chiquilín, Filipinos, La Piara, Granja San Francisco, Phoskitos, Aneto, Paladín, Okey... Levaron 10'9 millóns da PAC. Patrimonio estimado: entre 300 e 350 millóns.
- **Demetrio Carceller Arce e familia:** Neto dun ministro de Industria de Franco, presidente de Damm (cervexa) e Disa (petroleira), vicepresidente de Sacyr (construtora do Ibex 35) e Ebro Foods, e membro do consello de administración de Gas Natural Fenosa. Levou da PAC 9'25 millóns. Patrimonio estimado: máis de 1.900 millóns.
- **Ángel Luengo Martínez:** Dono do Grupo Samca, conglomerado industrial vinculado á minaría, agricultura, téxtil, plásticos, fertilizantes e pesticidas. Levou da PAC 8'9 millóns. Patrimonio estimado: 1.400 millóns.
- **Familia Pascual Gómez-Cuétara:** Grupo Lácteos Pascual. Levaron da PAC 6'4 millóns. Patrimonio estimado: entre 350 e 400 millóns.
- **Tomás Fuertes e familia:** propietaria de Grupo El Pozo e con intereses en sectores moi dispares que van dende o agroalimentario ao petroquímico, pasando por hoteis, inmobiliarias, parques temáticos ou fondos de capital risco. Teñen grandes paquetes accionariais na construtora Sacyr (6'3%), ACS, Repsol, BBVA, Santander e CaixaBank. Cobraron da PAC 5'6 millóns. Patrimonio estimado: entre 1.000 e 1.400 millóns.

A lista podería seguir, e seguirían aparecendo nomes e apelidos ilustres ben posicionados na Lista Forbes de persoas máis ricas de España: Botín, Alberto Cortina e Alberto Alcocer, Koplowitz, Ybarra, Lladó, Villar Mir, March... por só citar algúns dos máis coñecidos. Outros non tan coñecidos teñen en propiedade empresas alimentarias famosas como Vega Sicilia, Faustino, El Coto, Barón de Ley, Campillo, Marqués de Riscal, Doña Inés, Cavas del Ampurdán, Delaviuda...

AXUDAS DE INCORPORACIÓN ▸ Nun encontro mantido coa directora xeral tratamos a excesiva fiscalidade na axudas de incorporación e na transmisión de explotacións

O SLG denuncia ante Belén do Campo as prácticas abusivas de Facenda

María Ferreiro e Conchi Docampo insistiron en que Medio Rural se implique para suprimir estes tributos inxustificables



Na xuntanza na Consellaría participaron, de esquerda a dereita, Belén do Campo, María Ferreiro e Conchi Docampo

O Sindicato Labrego Galego mantivo, o 11 de xaneiro, un encontro de traballo coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Xunta, Belén do Campo, no que se denunciaron as prácticas abusivas da Axencia Tributaria ao gravar as axudas de incorporación de xente moza á actividade agraria ou o traspaso de granxas entre familiares. Por parte do SLG asistiron ao encontro Conchi Docampo e María Ferreiro, ambas integrantes da Executiva.

Esta xuntanza produciuse despois de que, o pasado 11 de novembro, o Sindicato Labrego realizase unha concentración de protesta diante da sede da Consellaría de Medio Rural e solicitase formalmente unha reunión para tratar esta problemática.

Como xa ten denunciado o SLG noutros encontros co director da Área de Agricultura da Delegación do Goberno, José Álvarez Robledo, ou coa delegada especial de Facenda, Imelda Capote, estanse a cobrar impostos exorbitados en casos nos que non debería sequera aplicalos. Por exemplo, cando se traspasa unha granxa aos fillos ou fillas, a Axencia Tributaria considera que os dereitos de pagamento básico da PAC que van aparellados á explotación son unha ganancia patrimonial.

Outro problema que denunciamos foi o da excesiva fiscalidade ás primas de incorporación, gravadas até cun terzo do importe subvencionado. (ver Fouce 317, paxs. 8 e 9)

O problema pode agravarse polo incremento das primas a partir de 2016

Unha das cuestións sobre a que incidiron Conchi Docampo e María Ferreiro no seu encontro con Belén do Campo foi que esta fiscalización excesiva estase aplicando a axudas concedidas no ano 2015. En anos posteriores, o importe das axudas de incorporación incrementouse considerablemente, polo que os cartos a pagar polas subvencións concedidas a partir de 2016 poden dispararse e ocasionar problemas de liquidez insalvables para os mozos e mozas que as recibiron.

Por parte da Consellaría de Medio Rural, comunicáronnos que xa lle transmitiron esta problemática á Axencia Tributaria, Ministerio de Agricultura e Delegación do Goberno; pero, dende o SLG, insistimos na necesidade de dar un paso máis á hora de implicarse e incluír esta problemática na axenda de traballo coas institucións centrais para tratar de resolvelo de maneira inmediata. Hai que ter en conta que, agora mesmo, é necesario buscar solucións concretas e urxentes para ducias de mozos e mozas están a facer fronte a estes impostos abusivos, agravados por multas e sancións, e mesmo con casos que xa levaron a Facenda diante dos tribunais; ao tempo que teñen que responder ás obrigas dos investimentos realizados nas súas granxas.

En perigo a liquidez das granxas

Dende o SLG levamos anos denunciando esta fiscalidade inxustificable que atenta contra o espírito de apoiar e incentivar a incorporación de xente nova á profesión agraria. Precisamente, os primeiros pasos nunha explotación agrogandeira supoñen, decotío, ter que acometer gastos extraordinarios para garantir uns determinados ingresos a medio e longo prazo, e neses primeiros meses ou anos de actividade é de vital importancia ter unha mínima liquidez garantida. Pero, a pesares de telo explicado e denunciando diante de responsables da Axencia Tributaria, do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural, segue sen facerse nada ao respecto.

8 de marzo: Folga Internacional Feminista

En 2017, as mulleres galegas sumámonos e convocamos o Paro Internacional que xurdiu das mulleres polacas e latinoamericanas. Neste 2018, mulleres de mais de 57 países do mundo estaremos na rúa mobilizándonos. Por que?:

- **Polos nosos dereitos como mulleres.**
- **Porque queremos transformar a vidas das mulleres e o mundo no que vivimos.**
- **Porque queremos que se contemplen e valoren os coidados da vida e o benestar das persoas.**
- **Para que a igualdade das mulleres sexa efectiva en tódolos ámbitos das nosas vidas.**
- **Para que se loite sen ambigüidades contra todo tipo de violencias que sufrimos polo feito de ser mulleres.**

POR QUE FACEMOS FOLGA?

No eido laboral

As mulleres sufrimos máis o desemprego cós homes. O 58% das mulleres están no paro e esta cifra increméntase nas mozas. Non podemos esquecernos da fenda salarial (diferencia entre os salarios dos homes e das mulleres) situada na actualidade nun 23%. Estes dous feitos contribúen a que as nosas pensións sexan máis baixas (346 euros menos de media). Na profesión labrega, a consecuencia disto é que as pensións ás que temos dereito as mulleres labregas son entre un 33% e 35% inferiores ás dos homes.

Moitas labregas non son titulares da granxa na que traballan, a pesares da Lei de Titularidade Compartida. Esta lei recoñece a situación de desigualdade que priva ás mulleres dos seus dereitos laborais sobre a granxa, que fai que carezan de ingresos propios malia a traballar os 365 días do ano e, en moitos casos, sen cotizar á Seguridade Social. A pesares de que hai unhas 33.000 mulleres nesta situación, dende a aprobación da lei só solicitaron a titularidade compartida 17 granxas galegas.

No eido social

Seguimos sufrindo agresións sexuais na rúa, no lugar de traballo, camiños con inseguridade e medos, sen que se adopten as medidas urxentes que garantan a nosa integridade. A lista de mulleres asasinadas tódolos anos non deixa de medrar, mentres se aproban leis sen orzamentos e as que temos non se cumpren na totalidade. No entorno rural, debido ao illamento que moitas veces sufrimos, é difícil saír de situacións de violencia machista; moitas veces, a vítima só fala co agresor.

No eido familiar

As mulleres asumimos a maior parte do traballo domestico e de coidados no noso entorno familiar. Do tempo que se adica as tarefas do fogar, as mulleres adicamos un 74,45% fronte o 25,55% que adican os homes. No mundo rural, as mulleres labregas normalmente temos a nosa actividade profesional no mesmo lugar no que vivimos. Isto fai que exista unha forte división sexual no noso traballo. A nivel profesional, na maioría dos casos as mulleres labregas ocupámonos de tarefas como os coidados dos animais, a alimentación, a limpeza, o muxido, a conservación de sementes, etc. Ao mesmo tempo, desenvolvemos as tarefas no fogar. Ocupámonos das crianzas, das persoas maiores -en moitos casos dependentes-, da alimentación, etc. Ademais, os servizos públicos de atención, tanto a persoas maiores como a crianzas, son moi escasos ou nulos nas zonas rurais.

Todos estes traballos non se contemplan nas estatísticas. Son traballos non remunerados e, polo tanto, non recoñecidos como "produtivos"; non forman parte da "riqueza" dun pais. Queremos denunciar que ningunha economía é posible sen o traballo dos coidados. A administración aforra cantidades inmensas de diñeiro a costa deste traballo que desenvolvemos as mulleres e que esta totalmente invisibilizado e non remunerado. Isto fai que, en moitos casos, fagamos dobres ou triplas xornadas de traballo.

Por todo isto e por moito máis, reivindicamos:

- O dereito a unha vida digna.
- Que a igualdade sexa real.
- A dignificación e recoñecemento dos traballos de coidados e reprodutivos.
- A corresponsabilidade dos homes e das administracións nas tarefas dos coidados, xa que son responsabilidade da sociedade no seu conxunto.

PARA VISIBILIZAR A SITUACIÓN NA QUE VIVIMOS E VISIBILIZAR AS NOSAS REIVINDICACIÓNS COMO MULLERES CONVOCAMOS ESTA FOLGA O 8 DE MARZO

Esta folga, a diferencia doutras **É UNHA FOLGA DE MULLERES**

FOLGA DE COIDADOS: Organízate para que no teu entorno sexan os homes quen se encarguen das tarefas que habitualmente recaen en nós: alimentación, traballos domésticos, crianzas, persoas maiores, dependentes, etc.
FOLGA LABORAL: Non acudas ao teu posto de traballo.
FOLGA DE CONSUMO: Consume o menos posible o 8 de marzo.

PORQUE SE AS MULLERES PARAMOS, O MUNDO PARA

E non esquezas!

Do 17 ao 18 de marzo celebramos o XIII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres en Trives (Ourense). Infórmate e inscríbete no local do SLG da túa comarca!



Convocadas as axudas da PAC

Pagamentos directos á agricultura e á gandaría e axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

Prazo: 30 de abril.

AVISO: Dada a grande cantidade de traballo burocrático que require esta xestión, é moi importante que veñades canto antes tramitalas á vosa oficina comarcal do SLG e non agardar á última semana para evitar problemas.

Axudas á participación de labreg@s en réximes de calidade

Axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, no marco do PDR 2014-2020. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias, que cumpran a condición de agricultor activo que fagan agricultura ecolóxica regulada ou participen en denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas ou especialidades tradicionais garantidas. **Prazo:** 15 de maio.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Axudas para paliar os danos producidos por ataques de lobo dende o 1 de outubro de 2017. Poderán solicitarse cun prazo de até 45 días naturais contados a partir do día seguinte á comunicación do dano, e sempre e cando se cumprisen os requisitos para poder solicitalas.

Axudas a pequenos proxectos de enerxías renovables

Axudas para crear, mellorar e ampliar pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables destinadas a particulares. Xestiónanse a través dunha empresa colaboradora. Prazo: **20 de marzo**.

Axudas para repoñer animais tras un sacrificio obrigatorio

Compensacións para repoñer animais en granxas de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades.

Prazo: 30 de novembro. Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas a explotacións agrarias afectadas pola seca

Os apoios poderanse materializar a través de dúas liñas:

1. Refinanciamento de pasivos.

2. Apoio ao circulante.

Prazo: 28 de marzo. Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas para rehabilitar casas no Camiño de Santiago

Subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago.

Prazo: 31 de outubro. Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas para crear empresas non agrícolas no rural

Axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR 2014-2020.

Prazo: 26 de marzo. Máis información na túa oficina do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais

As indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades neste 2018 poderán solicitarse até o **30 de novembro**. Máis información na túa oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para a consolidación do emprego autónomo

Estas subvencións teñen dúas liñas:

1. Axudas á promoción do emprego autónomo. Prazo: 30 de setembro.

2. Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas. Para contratos realizados entre o 1 de outubro de 2017 e o 26 de xaneiro, o prazo de solicitude remata o 27 de marzo. Para os contratos realizados a partir do 26 de xaneiro, o prazo remata o 30 de setembro.

Máis información na túa oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para facer instrumentos de xestión forestal

Hai catro liñas de subvención distintas. As tres primeiras liñas están dirixidas a sociedades de fomento forestal, propietarias particulares, asociacións de propietarias particulares, cooperativas agrarias, montes pro indivisos, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, montes de socias, comunidades de bens, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común. A liña 4 é para asociacións de persoas propietarias forestais e grupos de certificación de xestión forestal. Máis información das oficinas do SLG.

Prazo: 25 de marzo.Máis información na túa oficina do SLG.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Rolos de herba seca deste ano (30 aproximadamente) na zona de Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489 (Xosé Maria)

Véndense
-Estendedor-ringleirador Vicon.
981 786 610 (Xosé).

Véndese
-Herba seca en pacas de 80x80x240. Na zona de Chantada.
☎670 320 138

Véndense
-Arrincadora de patacas marca Aguirre. Para dous regos, monomando de sirgas con distribuidor para pa.
-Abonadora pendular marca Aguirre con capacidade para 500 kg.
☎650 019 275

Véndese
-Rabaño de 65 ovellas de carne en Santabaia de Montes (Cualedro).
☎665 504 653 e 648 745 620

Véndense
-Rolos de herba seca en Santa Cristina (Cospeito).
☎982 505 755 (Salustiano)

Véndese
-Sala de muxido de 6 puntos, marca Gascoigne Melotte con 6 pulsadores electrónicos. Lavado automático. Por xubilación.
☎981 695 542 e 648 118 865

Véndese
-Carro mesturador Storti de 9 m. Ten menos de 10 anos. Venta por xubilación. Na zona de Castro de Rei.
☎670 898 481 (Xosé).

Véndense
-Cisterna de xurros de 6.000 litros.
-Circuíto de muxido de 4 puntos marca Sac.
-Autocargador rotativo Morra de 1'85 m.
☎648 037 051 (Santiago)

Véndese
-Autocargador-picador marca Mengele, con esparexedores e documentación.
☎628 586 957 (Antonio)

Véndese
-Silo de penso de 5.000 kg.
-Rolos de silo.
-Tanque de leite de 2.200 l.
-Circuíto de muxido.
Vende por cese de actividade na zona de Castro de Rei.
☎670 898 481

Véndense
-Rolos de silo.
☎981 446 501

Véndese
-Bañeira de 850 litros monofásica.
-Circuíto de 3 puntos, marca Manus.
☎618 244 883

Véndese
-Tanque de leite de 1.050 litros marca PACKO - auga xeada, dunha tapa soa, en uso e bo estado. Na zona de Guntín.
☎670 508 318 (Xosé Manuel)

Véndese
-Quad Polaris Scrambler 4x4 400 2T. Ano 1998. En perfecto estado mecánico e coa posta a punto total acabada de facer, con factura de taller e pezas. Documentación en regra como ATV. Sen ITV. Prezo. 2.000 €. En Baltar, Pastoriza (Lugo)
☎630 382 654

Véndense
-Autocargador Sima de 22 metros, seminovo e con documentación.
-Apañadora de patacas seminova.
☎690 774 565

Véndese
-Tractor Fiat F100.
-Herba seca en pacas grandes.
No Arneiro (Cospeito)
☎676 128 939 (Antonio)

Véndese
-Abono de vaca feito con toxo. En granxa ou a domicilio. En San Amaro (Ourense).
☎646 074 892 (David)

Véndese
-Tractor Lamborghini R603, con 60 CV e 3cilindros, simple tracción, con cabina e documentación. Dirección asistida, tdf 540/1000, 2 saídas dobre efecto, cambio 12+3 velocidades. Só tivo un único dono, con 6.000 horas reais de traballo. En perfecto estado. Prezo: 5.990 €
☎649 565 136

Véndense
-Trabadizas de vacas e unha de boi. Zona de Camposa (Friol, Lugo)
☎639 727 309 e 659 937 487

Véndese
-Angazo ringleirador tipo Stoll. Na zona de Boqueixón.
☎636 154 317

Véndese
-Pataca ecolóxica Kennebec.
☎981 790 331

Véndense
-Becerros Limousin. En Lugo.
☎685 884 257

Véndese
-Hórreo novo.
☎699 600 474

Véndese
-Tractor John Deere 2140. Tracción simple. 85 CV. Rodas novas. 4.720 Horas (reais). En perfecto estado. Na zona de Santiago. Prezo: 10.000 € (non negociabeis).
☎667 054 266

Véndese
-Tractor. 82 CV, dobre tracción. Con rodas novas. 6.300 horas de traballo.
-Pa para tractor Ebro 470 ou 160.
☎667 469 962

Véndense
-Próxima camada de cans de palleiro. Cor canela.
☎676 268 464 (Vítor)

Véndese
-Circuíto de muxido de 6 puntos, marca Gasconi.
-2 tanques de frío de 900 e 700 litros.
-Macho Flevi.
-Tractor Cassei de 90 CV.
-Autocargador rotativa Marran
-Rotativa de 4 discos.
-Rotovator.
-Apañadora de patacas.
-Arado de 3 regos.
-Aboadora.
☎981 446 501

Véndese
-Viño de Barrantes, do país e augardente.
☎986 689 486

Véndese
-Autocargador mecánico en funcionamento. Está ben de rodas. En Irixoa. Prezo: 600 €.
☎981 798 620 (Eusebio)

Véndese
-Autocargadora de 23 m marca Lacasta. Na zona da Baña.
☎679 221 548

Véndese
-Furgón Citröen Jumper. Na zona de Guitiriz.
☎628 837 720

Véndese
-Finca en Montederramo. Está formada por dúas parcelas: Pol.77-Parc.67 e Pol.77-Parc.52, cunha superficie total de 7,5 Hectáreas. Acceso por estrada asfaltada, con auga e pechada con muro de pedra. É apta para uso gandeiro e forestal.
☎676 979 348

Véndense
-Tractor Lamborghini R3 Evo 85, ano 2009, 2.200 horas. Seminovo. Con aire acondicionado. 25.000 €
-Circuito completo de muxido Gascoigne de 4 puntos. 1.200 €
-Tanque de leite Packo de 1.500 litros de capacidad y trifásico 1.200 €
-Herba seca e silo en rolos.
En Cospeito (Lugo)
☎610 472 095 (Xosé)

Véndense
-Rolos de silo campaña 2017.
-2 tanques de leite, un de 600 litros e outro de 1.500 litros, con lavado automático.
Zona de A Pastoriza (Lugo)
☎639 537 964 e 982 164 443 Preguntar por Carlos.

Véndense
-Arado de tres regos, marca Ovión, con botella automática.
-Desensiladora BVL con dobre coitela.
Zona Friol.
☎982 183 019 e 628 785 466

Véndese
-Parella de cabras, macho e femia, de un ano. No concello de Oza-Cesuras.
☎981 790 331 (Guillerme)

Véndese
-Pa para tractor, marca Tenias B2 serie 300 , seminova. Prezo: 3.300 €. En Baltar (A Pastoriza).
☎630 382 654

Véndese
-Picadora Manz Class 690 con cabezal Temper Champion 330, con posibilidade dun cabezal para herba.
☎627 215 771 (Xabier)

Véndese
-Xovenca preñada de Rubia Galega.
☎636 875 570

Véndense
-Rulo pisón de 2,50 x 0,95. Matriculado.
-Cisterna Carruxo de 3.700 litros. Sen documentación.
-Grade Peter de 20 discos.
En Cospeito (Lugo)
☎982 177 430 (Xosé)

Véndese
-Cisterna de 5.000 litros marca Moga. Na zona de Arzúa.
☎674 107 045

Véndense
-Rulos de 1'40 de herba seca e fanse pacas pequenas por encarga. Na zona de Oza dos Ríos.
☎619 267 520 (Carlos)

Véndese
-Máquina de limpar trigo.
-Muíño de tractor.
Na zona d'O Corgo.
☎648 718 864

Véndese
-Ford Fiesta, en bo estado. No concello de Oza-Cesuras.
☎648 788 201

Véndese
-Cisterna de zurros de 6.000 litros.
-Máquina de brazo para rozar valos.
-Rotativa Felle de 2'5 de corte.
-Circuíto de muxido de 4 puntos marca Sac.
☎648 037 051

Véndese
-Opel Astra 1.7. 5 portas, gancho de remolque, mans libres, elevafiestras, peche centralizado e 130.000 km.
☎650 019 275

COMPRAS

Mércase
-Mel.
☎638 045 317



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Asesoría para mulleres do rural
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invirte no teu futuro"
XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade
COLABORA: Secretaría das mulleres
PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

CURSOS DE FORMACIÓN NO SLG 2018

OFERTA FORMATIVA

-Agricultura ecolóxica.
-Gandaría ecolóxica.
-Agricultura rexenerativa.
-Viticultura ecolóxica.
-Introdución á Biodinámica
-Transformación de produtos agrarios (lácteos, queixos, froitas, hortalizas...)
-Apicultura.
-Extracción de sementes.
-Prevención de riscos laborais.
-Benestar animal.
-Plantas medicinais.
-Recuperación e manexo de froiteiras autóctonas.
-Xestión forestal sostible.
-Comercialización de produtos agrícolas.
-Incorporación de mozas e mozos á actividade agraria.
-Formación en materia de igualdade da Secretaría das Mulleres do SLG.
-Aplicación de fitosanitarios.

Se che interesan os nosos cursos, ou coñeces a quen lle poidan interesar, comunícallo á oficina do SLG da túa comarca.
Contra máis sexades nunha zona, máis posibilidades de facer o curso!

Tes o noso directorio de enderezos e teléfonos en:
bit.ly/enderezosSLG

Inscríbete xa en: bit.ly/EnquisaFormacionSLG